

# **PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2021-2022**

**VERSIÓN 01/10/2021**

INTRODUCIÓN.....	5
1. Obxecto.....	5
MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICAS.....	5
2. Principios sanitarios básicos.....	5
2A. Comunicacións obligatorias de sintomatoloxía ou de confirmación.....	8
3. Medidas xerais de protección individual e colectiva.....	13
4. Medidas xerais de limpeza nos centros.....	20
5. Medidas xerais de protección colectiva.....	23
6. Subministración de material de protección.....	23
7. Xestión dos gromos.....	24
8. Escenarios no suposto dos gromos.....	25
MEDIDAS QUE AFECTAN ÁS CONDICIÓNNS LABORAIS.....	27
9. Xestión das peticións nos supostos de vulnerabilidade.....	27
MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO.....	27
10. Organización e documentos do centro.....	27
11. Regulación de circulacións e de entradas e saídas.....	29
12. Medidas relativas ás familias e ANPAS.....	31
13. Medidas xerais en relación co alumnado transportado.....	32
14. Medidas xerais en relación co uso do servizo de comedor....	33
15. Consideracións xerais na aula ordinaria.....	36
16. Consideracións especiais doutro tipo de aulas.....	36
17. Cambios de clase.....	37
18. Uso da biblioteca.....	38

19. Uso dos aseos.....	38
20. Medidas específicas para os recreos.....	39
21. Utilización de cartelaría no centro.....	39
22. Medidas específicas para o alumnado de educación infantil. .	39
23. Medidas específicas para laboratorios e talleres.....	40
24. Normas específicas para o alumnado con NEE.....	41
25 Medidas específicas para as ensinanzas de réxime especial...	42
26. Medidas específicas para o profesorado.....	43
27. Normas en materia de reunións de órganos colexiados.....	44
MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO.....	44
28. Educación en Saúde.....	44
29. Aulas virtuais e ensino a distancia.....	46
30. Normas específicas relativas a metodoloxías na aula e programacións.....	48
DECLARACIÓN RESPONSABLE.....	50
ANEXO I ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO Covid-19.....	51
ANEXO II:.....	52
ANEXO III: MODELO DE DOCUMENTO "PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO EDUCATIVO".....	53
ANEXO IV: MODELO DE DOCUMENTO "PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN Covid-19 NO CURSO 2020-2021" .....	57
ANEXO V: PLANOS DE CIRCULACIÓN EN TIPOLOXÍAS DE CENTROS.....	64
ANEXO VI Actividades extraescolares e complementarias.....	69
ANEXO VII ESCENARIOS COMEDOR ESCOLAR.....	75
ANEXO VIII Anexo sobre ventilación en centros educativos no contexto da Covid-19.....	76
Referentes na toma de decisións sobre ventilación.....	76
PROCESO DE DECISIÓN PARA A VENTILACIÓN.....	79
INDICACIÓN S específicas para previr a propagación do coronavirus SARS-CoV-2.....	83

ANEXO IX Anexo de atención á diversidade no contexto da Covid-19.....	86
DOCUMENTO DE ADAPTACIÓN ESPECÍFICO DE MEDIDAS DE SEGURIDADE.....	90
DOCUMENTO DE ADAPTACIÓN ESPECÍFICO DE MEDIDAS DE SEGURIDADE E OUTRAS RECOMENDACIÓNNS PARA A INTERVENCIÓN NA COVID_19 (1).....	92
ANEXO X Medidas de protección individual.....	100
ANEXO XI: PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN PARA A XESTIÓN DA VULNERABILIDADE EN ÁMBITOS NON SANITARIOS NIN SOCIOSANITARIOS.....	110
ANEXO XII: MODELO DE SOLICITUDE PARA A DETERMINACIÓN DE PERSOAL ESPECIALMENTE SENSIBLE DE ADAPTACIÓN DO POSTO DE TRABALLO.....	112
ANEXO XIII: MODELO DE CERTIFICACIÓN DE CONDICIÓNNS DE SEGURIDADE NO CENTRO EDUCATIVO.....	113
ANEXO XIV: PLANOS TIPO DE COLOCACIÓN NAS AULAS.....	114
ANEXO XV: CUESTIONARIO DE PREVENCIÓN DOS CENTROS EDUCATIVOS.....	115
ANEXO XVI: CARTELARÍA.....	124

## INTRODUCIÓN

### 1. Obxecto

1.1. O presente protocolo ten por obxecto crear contornos escolares saudables e seguras mediante o establecemento das medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse dende o inicio do desenvolvemento do curso escolar 2021/2022, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por Covid-19. Inclúe as medidas de detección precoz dos casos e a súa xestión axeitada, así mesmo, en cumprimento do previsto na Orde Comunicada da ministra de sanidade, de 4 de xuño de 2021, mediante a que se aproba, en coordinación coa conferencia sectorial de educación, a declaración de actuacións coordinadas en saúde Pública fronte á Covid-19 para centros educativos durante o curso 2021-2022. O documento é de aplicación aos centros públicos de ensino non universitario e, adaptado ás súas peculiaridades, aos centros privados concertados que imparten ensinanzas non universitarias.

1.2. O conxunto de medidas incluídas no presente protocolo foron examinadas polas autoridades sanitarias autonómicas, porén son obxecto de revisión continua en función da evolución do risco sanitario e das decisións que adopten as autoridades sanitarias autonómicas e estatais. Estas medidas iranse actualizando cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiren.

## MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICAS

### 2. Principios sanitarios básicos

2.1 De conformidade co establecido coas instrucións de carácter xeral ditadas pola Xunta de Galicia e coas previsións do "Plan de Reactivación no ámbito infantoxjuvenil en relación coa infección polo VIRUS SARS-CoV-2" deberán terse en conta as seguintes medidas preventivas para evitar a aparición de novos gromos e eventualmente deter unha posible transmisión comunitaria e polo tanto

adoptaranse medidas que permitan unha labor de vixilancia e monitorización continuas, tanto para a detección precoz de novos casos e dos seus contactos, como para o seguimento deles.

Para isto, adoptaranse as seguintes medidas:

- Con carácter xeral, a actividade lectiva será presencial para todos os niveis e etapas do sistema educativo, e priorizarase para o alumnado de menor idade, polo menos ata o cuarto curso da Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato. Excepcionalmente, poderán impartirse semipresencialmente as ensinanzas de formación profesional, así como as ensinanzas de réxime especial.
- A suspensión xeneralizada da actividade lectiva presencial de forma unilateral por parte da Comunidade Autónoma, únicamente se adoptará diante de situacións excepcionais de acordo co previsto na normativa e acordos vixentes.
- Os centros educativos manteranse abertos durante todo o curso escolar asegurando os servizos de comedor, así como apoio lectivo a menores con necesidades educativas especiais ou pertencentes a familias socialmente vulnerables, sempre e cando a situación epidemiolóxica o permita, en base ás indicacións das autoridades sanitarias.
- Para limitar o número de persoas presentes nun espazo simultaneamente, evitaranse as asembleas ou reunións presenciais tratando de realizaras de forma telemática. Os centros educativos promoverán que as reunións de coordinación e aquelas outras actividades non lectivas sexan posible, se realicen de forma telemática.
- Cada centro educativo deberá contar cun equipo formado na Covid-19 que será referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias. O equipo estará formado pola persoa titular da dirección do centro, ou persoa na que delegue ou a substitúa, e dous membros do profesorado (nos centros de menos de seis unidades o equipo poderá constituírse cunha soa persoa).

Corresponde á persoa titular da dirección do centro o nomeamento dos restantes membros. Tamén lle corresponderá á persoa directora, ou persoa na que delegue ou a substitúa, a función coordinadora Covid e a interlocución coa administración. En cada centro educativo establecerase unha canle de comunicación cos membros da comunidade educativa, en particular, coa periodicidade que estableza a dirección, informará ao consello escolar do centro sobre as medidas adoptadas e, de ser o caso, da evolución dos diferentes escenarios .

- O persoal docente e non docente do centro educativo deberá realizar unha autoenquisa diaria para comprobar, no caso de que haxa síntomas, que estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 mediante a realización da enquisa de autoavalíação que se describe no Anexo I, que debe realizarse antes da chegada ao centro. A enquisa non ten que comunicarse aos centros educativos, senón que deberase adoptar polo persoal dos centros educativos as medidas oportunas en función do resultado da auto avaliación e comunicar ao centro a ausencia.
- Cada día, antes de acudir ao centro, os pais,/nais/titores legais realizarán unha valoración dos síntomas recollidos no Anexo I ao alumnado a fin de comprobar se estos son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2. Ante a aparición de, polo menos, un dos síntomas que describe a enquisa de autoavalíacción, os titores non enviarán ao alumno/a a clase e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra. En caso de que un alumno/a que estea no centro teña algún síntoma compatible coa infección por SARS-CoV-2 de acordo coa enquisa de autoavalíacción, deberá permanecer no espazo de illamento habilitado no centro ata que o responsable veña a recollelo.
- No suposto de alumnado que poida ter a condición de vulnerable, como consecuencia de patoloxías (agudas ou crónicas) que provoquen dependencia, os criterios sanitarios -que rexerán asistencia a clase ou, de ser o caso, a escolarización domiciliaria- serán os que recomendén médico ou pediatra de acordo co establecido na resolución que se dite instrucións para a atención

educativa ao alumnado vulnerable ou alumnado con conviventes vulnerables durante o curso 2021/22 como consecuencia da pandemia da Covid-19.

## **2A. Comunicacións obligatorias de sintomatoloxía ou de confirmación**

2A.1. Ante a aparición de sintomatoloxía compatible coa Covid (polo menos unha das relacionadas no anexo I) no persoal non docente e profesorado, non acudirán ao centro educativo e inmediatamente darán coñecemento ao equipo Covid. Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde ou de ser o caso cos facultativos da mutua. Serán estes facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran manténdose o illamento ata coñecer o resultado da proba.

2A.2. No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará co centro de saúde de referencia do alumno/a dentro das seguintes 24 horas e con algunha das persoas membros do equipo Covid á maior brevidade posible. Para a xustificación da ausencia, non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titulares/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.

O centro educativo informará, explicitamente e con confirmación de recepción da información, aos pais, nais e outras figuras parentais, ou ao alumnado maior de idade, de que o alumnado con calquera sintomatoloxía aguda non pode acceder ao centro educativo. A medición de temperatura ou a avaliación doutros síntomas compatibles coa Covid-19 será realizada no seo da familia de forma diaria antes de acudir pola maña ao centro escolar.

2A.3. Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o

seu facultativo que valorará a consulta presencial e a solicitude dunha proba diagnóstica. Habilitarase, desde o inicio do curso, un espazo específico de uso individual no centro para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestionan o seu traslado. Este espazo contará con ventilación adecuada, xel hidroalcohólico, papeleira de pedal e panos desbotables.

Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa Covid (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado. Ademais, os conviventes que non dispoñan dunha pauta de vacinación completa e tampouco foran diagnosticados da COVID-19 nos últimos 6 meses deberán seguir as indicacións do [Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-2 \(Covid-19\) no ámbito educativo non universitario de Galicia](#) e abstirse de asistir ao centro educativo ata que se resolva a situación do caso sospeitoso.

O alumnado ou o persoal do centro que convivan coa persoa positiva serán considerados contactos estreitos, excepto que a Central de Seguimento de Contactos lles indique o contrario. Tendo en conta isto, as [persoas](#) conviventes do caso positivo que estean [vacinadas coa pauta completa](#) ou aquellas que fosen diagnosticadas da COVID nos últimos 6 meses poderán acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo, extremando sempre as medidas de prevención. Pola contra, os conviventes que non dispoñan dunha pauta de vacinación completa e tampouco foran diagnosticados da COVID-19 nos últimos 6 meses deberán abstirse de asistir ao centro educativo e esperar as indicacións da Central de Seguimento de Contactos en corentena.

2A.4. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, xuntamente coa Consellería de Sanidade, dispón da canle informática denominada "EduCovid", específica para a comunicación dos datos básicos dos contactos próximos dos casos confirmados. A información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria e utilizarase para que a Central de Seguimento de Contactos alerte da existencia de casos positivos confirmados no centro.

A canle informática subministrará de xeito seguro e con respecto á normativa de protección de datos os seguintes fluxos de información:

- Para comezar a identificación de contactos estreitos relacionados co centro educativo o antes posible, recomendase que o caso confirmado ou a persoa de referencia notifique o resultado positivo ao centro. Deste xeito, o Equipo Covid poderá comezar a recompilar a información necesaria para a identificación dos contactos estreitos.
- Sempre que ao Equipo Covid se lle notifique que existe unha persoa cun diagnóstico confirmado de Covid-19 no centro de ensino, deberá pórse en contacto coa Central de seguimento de contactos (CSC) para identificar os contactos estreitos do ámbito educativo. **Poderá facelo a través do número de teléfono específico para educación, habilitado de 9 a 22h todos os días da semana e que estará dispoñible en EduCovid, na Axuda da aplicación, así como tamén nos apartados Equipo e Centro médico.**
- Como ocorre con calquera outro caso confirmado de Covid, a CSC porase en contacto co caso confirmado ou coa persoa de referencia, para facilitarlle as indicacións de illamento, realizar a enquisa epidemiolóxica e identificar os contactos estreitos do ámbito persoal do caso. Durante esta enquisa epidemiolóxica identifícase ao caso confirmado como estudante ou traballador dun centro de ensino. Deste xeito, unha vez localizado o centro, a CSC envía unha notificación ao Equipo Covid, a través da aplicación EduCovid solicitando os contactos estreitos do caso que se produciran no ámbito educativo.
- Neste momento, se previamente non se fixo, o Equipo Covid **deberá pórse en contacto coa CSC a través do número de teléfono dispoñible en EduCovid, na Axuda da aplicación, así como tamén nos apartados Equipo e Centro médico.**
- Sempre será a CSC a que cargará a petición de contactos en EduCovid, para o que identificará ao caso coa correspondente IdOrixe. Se a CSC atopa

dificultades para localizar ao caso no centro concreto, facilitaralle a IdOrixé ao Equipo Covid e pediralle que realice a súa carga en EduCovid. **En ningún caso se notificarán contactos estreitos por medios diferentes a EduCovid.**

- O persoal da CSC axudará ao Equipo Covid a identificar e elaborar a listaxe de contactos estreitos do caso. Estes contactos estreitos poderán seleccionarse da “Rede de contactos” proposta por EduCovid, na que se inclúen compañeiros de clase, de comedor, de transporte, profesorado e outros (coma os recreos, etc...). Para esta determinación terase en conta o previsto no Anexo II.
- Existe a posibilidade de que algún contacto estreito do caso non se atope dentro desta rede de contactos, polo que o Equipo Covid deberá incorporar de forma manual. Unha vez definida a listaxe de contactos estreitos, e tras ser acordada co persoal asignado da CSC, o Equipo Covid enviará a listaxe de contactos estreitos á CSC a través da aplicación EduCovid. **No caso de que, convxuntamente coa CSC, non se identifiquen contactos estreitos no centro, premerase igualmente o botón “Notificar a Sanidade” sen seleccionar a ningunha persoa.** Deste xeito, o estado do expediente pasará de “Petición de contactos” a “Contactos comunicados”, coa correspondente traza temporal.
- No descrito previamente asúmese que, se é o Equipo Covid quen lle notifica á CSC que no centro existe unha persoa cun diagnóstico confirmado de Covid-19, a CSC pode verificar esta información. Pode ocorrer que á CSC aínda non dispoña da información necesaria para facelo, polo que nesta circunstancia procederase do xeito seguinte:
  - 1. Unha vez recibida a notificación, á CSC axudará a buscar indicios que verifiquen que se trata dun caso confirmado de Covid. Se hai información abondo, ou non é posible desbotar a información como resultado dun

erro, o Equipo Covid cargará o caso en EduCovid co IdOrixé 0000. Isto indicará que o caso áinda non está verificado.

- 2. Despois, procédese a identificar aos posibles contactos estreitos coma en calquera outro caso confirmado e gárdanse, pero non se notifican. Deste xeito, á CSC non lle chegará a listaxe de contactos estreitos e será a persoa directora do centro quen adiante esta información aos posibles contactos estreitos (a eles e só a eles). A dirección informará ás persoas afectadas que, conxuntamente coa CSC, determinouse que moi probablemente son contactos estreitos dun caso confirmado de Covid-19.  
**Para facilitar esta información recomendase usar o modelo de comunicación curta específico que está disponible na Axuda de EduCOVID.**
- 3. Entre tanto, o resultado positivo chegará á CSC e haberá unha IdOrixé válida. Nese momento, a CSC chamará ao centro e facilitaralle esta IdOrixé, para que o Equipo Covid modifique o Id 0000 polo IdOrixé real. Unha vez feito isto, o centro educativo notificará a listaxe de contactos estreitos a través da aplicación e procederase de forma habitual, onde a CSC chamará aos contactos estreitos para enquisalos e iniciar o seguimento.

En todo este proceso, esixirase extremar a confidencialidade profesional acerca da información da persoa diagnosticada da Covid.

- O rastrexo doutros eventuais contactos doutros ámbitos, incluídos os das actividades extraescolares non vinculadas ao centro, terán que ser recollidos pola autoridade sanitaria.
- Tras a aparición dun caso confirmado da Covid-19 seguíranse, en todo momento, as instrucións da Autoridade Sanitaria. A CSC encargarase da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos.

- A base de lexitimación legal para o intercambio de datos ten como fundamento o interese xeral na protección da saúde, polo que os datos do alumnado subministrados con consentimento dos representantes dos menores que obra nas bases de datos da Consellería de Educación poderán ser subministrados á autoridade sanitaria en cumprimento do deber de colaboración.
- O equipo Covid de cada centro ten a obriga de segredo profesional sobre os datos sobre os que teña coñecemento por mor da aplicación do presente protocolo.

Resulta fundamental que os datos de contacto do alumnado e as súas familias estean actualizados en XADE. En caso contrario a CSC non poderá contactar co alumnado e familias afectadas. O profesorado e persoal non docente deberán manter os seus datos de contacto actualizados aos mesmos efectos.

### **3. Medidas xerais de protección individual e colectiva**

3.1A. Manterase unha distancia interpersonal, con carácter xeral, de polo menos 1,5 metros nas interaccións entre as persoas no centro educativo.

En educación infantil e na educación primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. Debe garantirse a estanquidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo. Se a transmisión é moi baixa (nova normalidade) permitirase que os grupos de convivencia estable interaccionen con outros grupos do mesmo curso, sobre todo ao aire libre.

3.1. A distancia a manter entre postos escolares será a máxima que permita a aula, e cando menos de 1,20 metros dentro da aula desde o centro das cadeiras, salvo no caso de grupos de infantil e primaria, constituídos como grupos de convivencia estable.

Se o tamaño da aula non permitise as distancias previstas nos parágrafos anteriores adoptaranse as seguintes medidas:

- Retirarase o mobiliario non indispensable que diminúa a superficie útil da aula para tentar obter o máximo distanciamento.
- Sempre que sexa posible, utilizaranse aulas alternativas de especialidade que teñan maior dimensión, tales como laboratorios, aulas de música ou similares.
- Instalación de mamparas con altura suficiente e garantindo cando menos a distancia de 1 metro entre os postos escolares medidos desde o centro das cadeiras.

3.2. O uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade con independencia do mantemento da distancia interpersonal, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico. A obriga de utilización de máscara farase efectiva no momento no que o alumno/a cumpra os 6 anos de idade independentemente do curso no que se atope matriculado.

O alumnado e o profesorado e o persoal non docente, salvo aquel legalmente exento, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, áñda que se cumpla coa distancia de seguridade. Será obriga do alumnado levar cando menos unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.<sup>1</sup>

A obligación contida no apartado anterior non será esixible para as persoas que presenten algúun tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten

---

<sup>1</sup> UNICEF-WHO: Advice on the use of masks for children in the community in the context of Covid-19. Annex to the Advice on the use of masks in the context of Covid-19 (21-August-2020)

alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a, ou polos servizos de prevención de riscos, no seu caso, para persoal docente e non docente.

Dentro da información a subministrar ás familias o alumnado e o persoal dos centros incluirase a formación precisa sobre o uso correcto das máscaras, a súa duración ou necesidade de lavado e os sistemas de conservación e gardado durante períodos breves de non uso.

Na cartelería do centro existirá unha específica que lembre a formación sobre uso de máscaras.

3.3. Na etapa de Educación Infantil, e nas unidades e centros de educación especial, conformando grupos estables de convivencia, na aula poderá traballarse mediante grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as (preferiblemente sempre os mesmos), que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos. Os grupos traballarán cun distanciamento físico, con carácter xeral, de polo menos 1,5 metros respecto dos restantes grupos. Sempre que sexa posible usarase a máscara, porén para o profesorado e o persoal non docente que teña contacto cos grupos de infantil será de uso obrigatorio.

Nas escolas unitarias, aulas unitarias de CRA, unidades e aulas de centros de educación especial e aulas de educación infantil cun número entre 5 e 10 alumnos poderán establecer un único grupo colaborativo que coincidirá co grupo de convivencia estable.

3.3A. Nas etapas de Ensino Secundario Obrigatorio, Bacharelato e Formación Profesional establecense as seguintes medidas de conformación das aulas:

- a) Os postos escolares manterán unha distancia, con carácter xeral, de polo menos 1,2 metros respecto de todos os postos que o rodeen medidos dende o centro da cadeira. Se fose preciso retirarase outro

mobiliario como andeis ou colgadouros que limiten o espazo dispoñible.

- b) Os postos escolares estarán orientados nunha mesma dirección.
- c) Cando o tamaño da aula ou taller non permita a distancia, con carácter xeral, de 1,2 metros entre postos buscaranse espazos alternativos onde sexa posible gardala. Noutro caso, poderase habilitar o espazo dispoñible mediante a utilización de mamparas de separación sempre que se respecte unha distancia mínima de 1m respecto dos postos que o rodeen, medidos dende o centro da cadeira. No caso da Formación Profesional de das Ensinanzas de Régime Especial, cando sexa de aplicación, adaptaranse as medidas que correspondan ao seu ámbito profesional de referencia.
- d) Cando non sexa posible ningunha das accións anteriores desdobrarase o grupo.

No caso de escenarios de alerta 3 e 4 adoptaranse as medidas que as autoridades educativas e sanitarias determinen.

3.4. Os centros educativos deberán informar a todos os membros da comunidade educativa sobre as medidas de prevención da transmisión da infección, as medidas de protección que se deben empregar e as instruccións para o correcto manexo das mesmas, destacando:

- O correcto uso da máscara, o xeito de poñela e sacala, e de ser o caso de gardala nos momentos da comida, así como dos protocolos de substitución e lavado.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.
- Ao tusir ou esbirrar, non retirarse a máscara, e cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado.

- Usar panos refugables para eliminar secrecóns respiratorias e tiralos tras o seu uso a unha papeleira con bolsa e a poder ser con tapa e pedal, facendo unha posterior hixiene de mans.
- Hixiene de mans: lavado frecuente, e meticulo do das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con xel hidroalcohólico, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón. O lavado realizarase cando menos 5 veces ao longo da xornada, particularmente na entrada e saída ao centro, antes e despois do recreo, antes e despois de comer e sempre despois de ir ao aseo.

1.1 Para o alumnado de 1º e 2º ciclo de Educación Infantil, restrinxirase o uso do xel hidroalcóholico e priorizarase o uso de agua e xabón ou outros tipos de solucións xabonosas.

1.2 Para o alumnado de Educación Primaria extremarase o coidado coa utilización do xel hidroalcohólico, administrando unha cantidade de xel adecuada ao tamaño da man de cada neno/a, informando aos nenos e nenas de que debe ser absorbido antes realizar outras tarefas. Nos grupos de idade ata os 7 anos, deberase prestar especial atención por parte das persoas responsables a aplicación do xel por parte do alumnado.

- A necesidade dunha hixiene correcta de mans cada vez que se use material compartido.
- A importancia que ten a ventilación dos espazos para evitar a transmisibilidade.
- Á entrada e saída do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento, prestarse especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo. No caso do alumnado

verificarase polo profesorado a realización unha vez sentados na aula mediante a formulación de preguntas.

- Habilitar dispensadores de xel hidroalcohólico na entrada e en espazos comúns.
- Aplicar medidas para o correcto cumprimento da hixiene e a utilización de solución alcohólica atendendo ás características de cada centro.
- Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, entrada no comedor, cada vez que van o baño) ademais de medidas de educación sanitaria. Será necesario garantir a existencia de xabón e papel para secar as mans.
- Instalación de portapanos desbotables e dispensadores de xabón nos aseos ou de xel hidroalcohólico nos espazos comúns.
- Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de medidas de hixiene respiratoria:
  - Ao tusir ou esbirrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado e sempre aloxándose do resto das persoas.
  - Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecóns respiratorias (esbirrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer, usar os aseos ou tocar material susceptible de ser compartido.

3.5. Evitaranse aquelas actividades no centro educativo que conlleven a mestura de alumnado de diferentes grupos de convivencia ou clases nas que non se poida manter a distancia mínima interpersoal. Os eventos deportivos ou celebracións que

teñan lugar nos centros educativos realizaranse sempre que se poida ao aire libre e de acordo ás mesmas condicións que os seus homólogos no ámbito comunitario.

3.6. Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas nas medidas deste protocolo. Con anterioridade ao inicio do curso en cada unha das etapas educativas, realizarase unha limpeza e desinfección xeral do centro e do mobiliario.

O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as. Nas aulas ou no propio pupitre deberá existir un espazo diferenciado para o material de cada alumno de xeito que non permita ser manipulado por outros compañeiros.

3.7. Os equipos de traballo (ordenador, monitor, teclado, rato, mesa, teléfonos ou material de oficina) deberán ser usados só pola persoa titular do posto e, de non ser posible, o novo usuario realizará unha correcta hixiene de mans antes do seu uso. As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagógicas serán únicamente usadas polo profesorado ou o persoal non docente, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

3.8. Os usuarios dos espazos de atención ao público non poderán empregar os equipos informáticos, material de oficina ou outros materiais dos empregados públicos. Cando exista na portaría ou na administración do centro un espazo no que se distribúan formularios ou se entregue documentación que deba ser escrita facilitarase o material de escritura, porén realizarase previamente a correcta hixiene de mans. Para estes efectos existirá ao carón un dispensador de xel hidroalcohólico. Nos supostos nos que exista un dispositivo informático a disposición do público xeral, cada usuario deberá realizar a hixiene de mans antes do seu uso.

3.9 O uso de luvas non é recomendable en xeral, pero si nas tarefas de limpeza. As luvas serán postas, retiradas segundo a instrucións previstas na infografía e refugaranse na fracción resto.

3.10 Para os efectos do previsto no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar entenderanse incluídas nos supostos do artigo 42 letras a), b) e d) coa consideración de conductas leves contrarias á convivencia os supostos de incumprimento polo alumnado do uso da máscara nos tempos e lugares que sexan obligatorios e o incumprimento das instruccións do profesorado en aplicación do presente protocolo. Polo que respecta ao profesorado e persoal non docente estarase ao previsto na súa normativa.

#### **4. Medidas xerais de limpeza nos centros**

4.1. Cada centro disporá dun protocolo de limpeza e desinfección que responda ás súas características. O protocolo de limpeza formará parte do documento denominado "Plan de adaptación á situación Covid-19 no curso 2021/2022" e determinará as frecuencias e horas nas que se realizarán todas as tarefas. O protocolo de limpeza é obligatorio para todo o persoal de limpeza con independencia da súa dependencia orgánica polo que será de aplicación non só ás empresas externas senón tamén ao persoal dos concellos que teñen a obriga de realizar o mantemento e conservación de conformidade coa normativa vixente. Nos supostos no que existan varias persoas dedicadas a tarefas de limpeza, unha delas realizará total ou parcialmente a súa xornada na quenda de mañá, podendo realizarse rotacións no uso das quendas. Cando as tarefas de limpeza se realicen por unha única persoa realizará parte da súa xornada (polo menos 1/3) en xornada de mañá.

Este protocolo recollerá as seguintes indicacións:

4.1.1. Nas aulas será suficiente con realizar a limpeza unha vez ao día, incluído mobiliario (mesas e outras superficies de contacto, etc). No caso de que se establecesen quendas nas aulas, comedor ou outros espazos, cando cambie o alumnado, indicase a limpeza, desinfección e ventilación entre quenda e quenda.

4.1.2 Limpeza polo menos unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso, como no caso dos aseos onde será de polo menos dúas veces ao día.

4.1.3. Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto más frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, teléfonos, perchas, e outros elementos de similares características así como de billas elementos das cisternas e outros dos aseos.

4.1.4. Durante a xornada lectiva unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente e no caso dos aseos de polo menos dúas veces na xornada. En todo caso nos aseos existirá xaboeiras ou material de desinfección para ser utilizado polos usuarios voluntariamente.

4.1.5. Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recen preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso destes produtos sempre se respectarán as indicacións da etiquetaxe.

4.1.6. Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.

4.1.7. Deberá vixirse a limpeza de papeleiras, (todas con bolsa interior e protexidas con tapa), de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental.

4.2. Deben de realizarse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, 15 minutos ao remate de cada xornada (mañá e tarde), durante a totalidade dos recreos, cando menos 5 minutos entre clase e clase e de 2 a 5 minutos cada 15 a 20 minutos durante a duración destas. As portas das aulas deberán permanecer sempre abertas, coas ventás abertas para favorecer a circulación de aire e, especialmente se as ventás se

atopan pechadas. As ventás dos corredores deberán permanecer abertas para facilitar a ventilación.

Coas medidas de prevención de accidentes necesarias:

- 4.2.1. Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.
- 4.2.2. Débese aumentar a subministración de aire fresco e non se debe usar a función de recirculación do aire interior.
- 4.3. Se un/ha profesional presta asistencia no mesmo espazo con diferentes alumnos/a de maneira consecutiva, desinfectaranse as superficies utilizadas e ventilarase a sala un mínimo de 5 minutos tras cada sesión ou, en función dos parámetros citados, que garantan unha ventilación axeitada.
- 4.4. En relación coa xestión dos residuos:
  - 4.4.1 Recoméndase que os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue para o secado de mans ou para o cumprimento da "etiqueta respiratoria" sexan refugados en papeleiras ou contedores con bolsa e protexidos con tapa e, se é posible, accionados por pedal.
  - 4.4.2. Todo material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) debe depositarse na fracción resto (agrupación de residuos de orixe doméstica que se obtén unha vez efectuadas as recollidas separadas).
  - 4.4.3. No caso de que un alumno/a ou unha persoa traballadora presente síntomas mentres se atope no centro educativo, será preciso illar o contedor onde se depositen os panos ou outros produtos usados por eles. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto. Realizarase a debida limpeza e ventilación do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, logo de que o alumno/a ou a persoa traballadora que presentou síntomas durante a xornada lectiva teña abandonado o centro educativo.

## 5. Medidas xerais de protección colectiva

5.1.bis. O uso da máscara por todo o alumnado, persoal do centro e outras persoas que accedan ao centro educativo é a medida básica de protección individual e colectiva.

5.1. Nas entradas dos centros disporase de produtos de hixiene que permitan, tanto ao persoal do centro coma ao alumnado e usuarios dos espazos de atención ao público, realizar unha adecuada hixiene das mans.

5.2. En todas as aulas, na zona máis próxima á porta da mesma, colocarase un dispensador de xel hidroalcohólico.

5.3. Deben establecerse distancias mínimas de seguridade, coa excepción do caso das aulas sinalado anteriormente, de polo menos 1,5 metros, tanto nos accesos como nos espazos de atención ao público, para evitar a acumulación de persoas nas zonas de acceso, espera e atención ao público.

5.4. Nas mesas, mostradores e despachos de atención ao público, establecerase unha distancia mínima de 1,5 metros entre o usuario e o persoal, agás que se habiliten elementos de protección colectiva no posto no que se realiza a atención ao público (mamparas, mobiliario con altura suficiente para que sirva de barreira física, etc.).

## 6. Subministración de material de protección

6.1. A consellería realizará un aprovisionamento inicial de elementos de sinalización e máscaras de protección. Corresponde ao equipo formado na Covid-19, en colaboración coa secretaría do centro, o inventario das mesmas e arbitrar un mecanismo de distribución que acredite a súa entrega e o seu consumo para a actividade propia do centro.

6.2. Corresponde ao centro educativo, con cargo aos seus gastos de funcionamento, suplir o aprovisionamento de equipos de protección que non sexan centralizados pola consellería, en especial xel hidroalcohólico e os seus dispensadores, panos

desbotables, materiais de limpeza e desinfección, mamparas para uso no comedor, papeleiras de pedal, impresión de cartelaría e, cando resulten insuficientes, máscaras de protección.

6.3 O centro educativo arbitrará as medidas oportunas para que o inventario e contabilización dos custos deste material sexan individualizables respecto das restantes subministracións do centro, co obxecto de coñecer con detalle os sobrecustos derivados das medidas de prevención e hixiene ante o Covid-19 e vixiar o consumo axeitado do mesmo.

Corresponde ao equipo Covid en colaboración coa secretaría do centro distribuír ou organizar a distribución do material, levar a súa contabilización e inventario separado e certificar os consumos e gastos producidos.

## **7. Xestión dos gromos.**

No contexto deste protocolo, considerarase gromo nun centro educativo a calquera agrupación de 3 ou mais casos con infección activa nos que se establecese un vinculo epidemiolóxico, sendo sinónimo de abrocho ou brote. Tendo en conta a importante variabilidade entre as diferentes situacíons, sempre que se detecten 3 casos ou mais nun centro escolar nun período corto de tempo (menos de 14 días entre o primeiro e o último caso) deberá realizarse unha valoración da situación por parte das autoridades sanitarias. Será o persoal da CSC quen faga esta notificación e decida co persoal da XT de Sanidade ou do SAEG se é necesario levar a cabo algunha actuación extraordinaria.

7.1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con Covid-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de Covid-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa diagnosticada de Covid-19. Tampouco acudirán aos centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

7.2. Diante dun suposto no que unha persoa da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con Covid-19 no centro educativo as medidas de

prevención e control levaranxe a cabo en base ao [Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-2 \(Covid-19\) no ámbito educativo non universitario de Galicia](#). En virtude das mesmas:

Levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado de acordo coas pautas establecidas no ANEXO III: MODELO DE DOCUMENTO "PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO EDUCATIVO), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. A persoa ou o seu titor deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a abandonara [o seu centro de traballo protexido por unha máscara cirúrxica e pedirá cita telefónica co seu MAP](#). De confirmarse o caso, o equipo Covid do centro educativo deberá porse en contacto coa CSC e rexistar os contactos estreitos a través da aplicación "EduCovid".

## 8. Escenarios no suposto dos gromos

8.1. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto no [Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-2 \(Covid-19\) no ámbito educativo non universitario de Galicia](#), cos seguintes supostos:

- Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera persoa do centro que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia de menos de 2 metros (<2m) do caso confirmado durante [máis de 15 minutos sen utilizar a máscara, os contactos serán determinados polo responsable COVID coa axuda da CSC ou XT de sanidade, segundo os protocolos vixentes en cada momento.](#)

- Tanto as persoas que teñan diagnóstico confirmado como aquelas determinadas como contacto estreito seguirán as indicacións da Central de Seguimento de Contactos para o seu caso concreto de acordo co Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-1 (Covid-19) no ámbito educativo non universitario de Galicia (<http://coronavirus.sergas.gal> ).
- En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo.

8.3. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación do Plan de Continxencia ante peches aprobado pola resolución que dite para a regulación do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, que desenvolverá as medidas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Os centros deberán incorporar a sistemática prevista no plan de continxencia, naquelas cuestións que son da súa responsabilidade, ao seu propio Plan de Continxencia, previsto no Anexo III.

8.4. Finalizado o período de illamento/corentena das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

## MEDIDAS QUE AFECTAN ÁS CONDICIÓNNS LABORAIS

### 9. Xestión das peticións nos supostos de vulnerabilidade

9.1. De conformidade coas recomendacións sanitarias para todo o Estado Español os traballadores vulnerables para Covid-19 realizarán o seu traballo, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo as medidas de protección de forma rigorosa. O servizo sanitario do Servizo de Prevención de Riscos Laborais deberá avaliar a existencia de traballadores especialmente sensibles á infección por coronavirus e emitir informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección necesarias, seguindo o establecido no Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-CoV-2

## MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

### 10. Organización e documentos do centro

10.1. Conformado por membros das consellerías de Cultura, Educación e Universidade, existirá un Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia que se constituirá como elemento básico de coordinación e adopción de decisións. O equipo estará conformado por parte da consellería de Educación, pola persoa titular da Secretaría Xeral Técnica, da Subdirección de Inspección, Avaliación e Calidade do sistema educativo, da Subdirección Xeral de Recursos Humanos. Por parte da Consellería de Sanidade integraranse neste órgano a persoa titular da Secretaría Xeral Técnica, e unha persoa representante da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, xunto con outra representante da Dirección Xeral de Saúde Pública e os membros do subcomité de rebrotes do Comisión de xestión da crise sanitaria do Covid-19. Ademais convocarase ás-aos xerentes das Áreas Sanitarias do brote, xunto coa persoa que represente a Xefatura Territorial de Sanidade da área afectada. Ademais estarán designadas , as catro persoas titulares das xefaturas territoriais da Consellería de Educación. Poderán integrarse neste órgano os expertos clínicos que designe o Conselleiro de Sanidade.

10.2. No exercicio da súa condición de persoa coordinadora do equipo Covid, a persoa titular da dirección é a encargada de manter a comunicación dende o centro educativo cos diferentes órganos da Consellería de Educación, e, de ser o caso da Consellería de Sanidade, do Sergas ou co Grupo de Coordinación de Seguimento da Pandemia. Correspónelle así mesmo a comunicación co persoal do centro e coas familias e alumnado.

10.3. O equipo Covid-19 de cada centro educativo deberá estar en disposición de dispoñer no menor prazo de tempo dunha relación de todo o alumnado e do persoal do centro (a información deberá agruparse por aula e co profesor asignado á mesma ou en contacto co alumnado da mesma) no que figure a identificación persoal, un ou varios números de teléfono de contacto e o enderezo para, de ser o caso, poder trasladado ás autoridades sanitarias.

10.4. Corresponde ao equipo Covid elaborar un "Plan de adaptación á situación Covid-19 no curso 2021/2022" de conformidade co modelo que se xunta como Anexo IV a este protocolo no que se determinen ás concrecións das medidas para o centro educativo individualizado. O documento debe ser aprobado pola dirección do centro educativo e do seu contido será informado o consello escolar.

Nos Anexos V deste documento figuran os planos xerais correspondentes ás diferentes tipoloxías de centros e ás condicións xerais de circulación ás que se deben adaptar as singularidades do centro. Poderán figurar como medidas do plan as xenéricas deste documento adaptadas a cada suposto concreto. Os centros privados concertados deberán remitir á inspección educativa o Plan de Medidas Preventivas acordado de conformidade co establecido na disposición final 5<sup>a</sup> da Orde SND/399/2020.

O "Plan de adaptación á situación Covid-19 no curso 2021/2022" será comunicado ao persoal do centro, a todas as familias e ao alumnado, neste último caso a partir dos niveis de ensino obligatorio. Será remitido tamén a Inspección Educativa xunto co resto da documentación correspondente ao inicio de curso.

10.5. O centro elaborará un “Plan de Continxencia”, que será aprobado pola dirección do centro, de conformidade coas previsións do modelo que figura no Anexo III. Nel estableceranse as medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia de acordo coa resolución que se dite para regular Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

## **11. Regulación de circulacións e de entradas e saídas**

11.1. O obxectivo das seguintes medidas é a non aglomeración de persoas, tanto a entrada como a saída dos centros, debendo en todo momento garantir as medidas de distanciamento físico interpersoal. Así, nos centros educativos onde sexa posible, habilitaranse diferentes entradas para o alumnado das diferentes etapas educativas (infantil, primaria, secundaria, bacharelato ou FP). No caso de que polas peculiaridades do centro non fose posible, estableceranse quendas de entrada distanciadas no tempo.

11.2. Poderase permitir en todos os niveis superiores ao ensino infantil a entrada do alumnado con anterioridade á hora de inicio da actividade lectiva dentro da aula que teña asignada, a medida que van chegando ao centro, co fin de evitar aglomeracións e acadar unha distribución máis axeitada dos tempos de entrada.

11.3. No nivel de ensino infantil o alumnado poderá chegar ao centro acompañado dun familiar e agardar nun espazo diferenciado para a entrada a aula. Os acompañantes deberán usar máscara.

11.4. Fóra do suposto anterior, con carácter xeral, e salvo razóns xustificadas ou relacionadas con procesos administrativos, ou cando a presenza sexa requirida polo propio centro, non se permite a entrada dos proxenitores no centro educativo. O centro establecerá horarios específicos para a atención das familias non

coincidentes con horarios de entrada e saída nin con intercambios de clase ou recreos.

11.5. Nos accesos ao centro, sempre que sexa posible, habilitarase unha porta para entrada e outra para saída. Nos corredores estableceranse sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes do corredor de forma que indiquen a circulación pola dereita de forma individual respectando a distancia de seguridade. Estas circunstancias serán convenientemente sinalizadas mediante cartelaría ou dispositivos visuais tanto no chan como nos paramentos.

11.6. Na entrada e saída da aula e nos momentos de retorno do recreo o profesorado velará pola orde dos movementos e fluxos do alumnado.

11.7. Para a saída do centro ou para o inicio do servizo de comedor poderase flexibilizar o horario dentro da última hora lectiva. O equipo directivo determinará a saída por colectivos con distancias horarias, sempre que sexa posible. Non se permite que o alumnado na saída quede formando agrupacións nos patios ou que xogue nos mesmos, polo que se regularán as saídas directamente ao exterior do recinto.

11.8. O profesorado a quen corresponda a última hora lectiva previa á saída velará porque o material estea recollido polo alumnado; e o alumnado preparado para saír ordenadamente e respectando a distancia de seguridade no horario establecido pola dirección de xeito que se eviten demoras.

11.9. A dirección do centro determinará o número de profesores/as suficientes para ordenar as saídas e evitar a formación de agrupacións de alumnado no recinto, así como impartir instrución ao alumnado para que non forme agrupacións na vía pública fóra do recinto escolar.

11.10. Nas comunicacións verticais o uso do elevador quedará limitado ás persoas que o precisen por motivos de mobilidade que deberán usar máscara, sen prexuízo das previsións contidas no punto 3.2. Cando sexa posible pola distribución do centro, utilizaranse preferentemente un núcleo de escaleiras de subida e outro de baixada.

## 12. Medidas relativas ás familias e ANPAS

12.1. A realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva dentro do recinto do centro educativo, sexan organizadas pola ANPA do centro ou polos concellos, está condicionada á aprobación dun protocolo que se integrará como anexo no "Plan de adaptación á situación Covid-19 no curso 2021/2022" e de acordo co Anexo VI. O dito protocolo determinará as medidas de prevención e protección fronte á Covid e determinará con claridade as responsabilidades das persoas organizadoras ou xestoras. Asignaranse postos fixos ao alumnado para todo o curso escolar co obxectivo de mellorar de realizar unha mellor trazabilidade dos contactos. Este protocolo axustarase ao previsto no dito Anexo VI sobre actividades extraescolares e complementarias deste documento.

12.1.A As actividades extraescolares e complementarias organizadas polo centro seguirán igualmente o previsto no Anexo VI.

12.2. Nos programas de madrugadores seguirase o protocolo ordinario co engadido das prevencións en materia de consumo de alimentos e no caso dos momentos de descanso deitados coa separación, con carácter xeral, de polo menos 1,5 metros entre colchóns ou colchonetas, no caso de alumnado de educación primaria será obligatorio o uso de mascara, e recoméndase o seu uso para o alumnado de educación infantil, sempre que exista boa tolerancia.

12.3. As actividades das ANPAs celebraranse preferentemente por medios telemáticos evitando en todo caso a xuntanzas que supoñan un número elevado de persoas.

12.4. Os Consellos Escolares celebráranse preferentemente de xeito telemático.

12.5. Nas reunións de titoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada. Porén cando a xuízo do titor/a ou da dirección do centro sexa preciso a titoría presencial realizarase esta coas debidas medidas de protección.

12.6. Utilizarase como mecanismo de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro e outros sistemas (abalarMobil) cando proceda.

### **13. Medidas xerais en relación co alumnado transportado.**

13.1 O aforo dos autobuses de transporte escolar será o determinado en cada caso polo órgano autonómico ou estatal competente. Inicialmente poderán ser utilizadas todas a prazas coa obriga do emprego de máscara. No caso do uso de taxis ou VTC poderanxe ocupar todas as prazas, ocupando en último lugar a que está a carón do condutor.

Os/As acompañantes da empresa de transporte aos que lle corresponda a vixilancia do alumnado, cando resulte obligatorio, velarán por que todos os ocupantes do vehículo leven posta a máscara durante todo o traxecto e que cada usuario/a ocupe o seu asento en todo momento.

Asignaranse asentos fixos ao alumnado para todo o curso escolar para realizar unha mellor trazabilidade dos contactos, salvo que, en base á situación epidemiolóxica, as autoridades sanitarias determinen un uso más restritivo do mesmo.

13.2. Con carácter xeral, cando se establezan limitacións de capacidade dos vehículos, quedan suspendidas as autorizacións de carácter excepcional cando non sexa posible transportar a todo o alumnado con derecho lexítimo ao transporte (máis de 2 km).

No caso de que a capacidade dos vehículos non resulte suficiente para o traslado de todo o alumnado, o criterio de prioridade é o de maior distancia de residencia ao centro educativo, tendo en conta que a administración adoptará as medidas para que o transporte se realice en condicións de seguridade.

13.3. Cando o centro educativo dispoña de espazo para a entrada dos autobuses dentro do recinto permitirase a mesma con parada separada do restante alumnado. Este alumnado terá prioridade para entrada nas aulas con carácter xeral. No caso de que a parada se estableza na vía pública faranse ringleiras coa suficiente

separación entre alumnos/as. A saída do alumnado transportado organizarase de xeito similar á entrada.

#### **14. Medidas xerais en relación co uso do servizo de comedor.**

14.1. Os centros educativos manteranse abertos durante todo o curso escolar asegurando os servizos de comedor, así como apoio lectivo a menores con necesidades educativas especiais o pertencentes a familias socialmente vulnerables, sempre e cando a situación epidemiolóxica o permita, en base as indicacións das autoridades sanitarias.

14.2. Será obligatorio o uso de máscara para o alumnado excepto no momento específico da alimentación, incluíndo o tempo de agarda ata o inicio do servizo e o período entre os distintos pratos.

14.3 Na medida do posible, o alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza, especificamente manteranse os Grupos Colaborativos e Grupos de Convivencia Estable (GCE) conformados durante o horario lectivo. O alumnado ocupará sempre o mesmo sitio. Será necesario o rexistro dos lugares que ocupan cada un dos/as nenos/as, co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos.

14.4. O alumnado que conforme grupos colaborativos ou grupos estables de convivencia no ensino infantil e no de primaria pode comer agrupado sen requisitos de distancia. Os grupos separaranse entre si de forma xenérica por 1,5 metros ou ben separaranse con mamparas.

14.5. Aquel alumnado que non constitúa GCE estará separado, de forma xenérica, por 1,5 metros de distancia sentados en oblicuo ou ben separaranse por mamparas.

O Anexo VII recolle un esbozo con diferentes escenarios de distribución a modo de exemplo.

14.6. Cando se utilicen mamparas estas terán altura suficiente e de, cando menos 0,60cm cando se sitúen sobre o mesado.

14.7. Cando con ningunha das combinacións previstas no apartado anterior sexa suficiente para garantir o servizo, as medidas a adoptar nos comedores por orde de prioridade ou combinadas, serán as seguintes:

- a) Utilizar espazos lindeiros ao comedor con mobiliario do que dispón os centros de xeito que se cumpran os requisitos previstos nos puntos anteriores.
- b) Aumentar o número de quendas para reducir o aforo do comedor en cada momento da comida. As quendas estableceranse (incluíndo a flexibilización da última hora de horario lectivo) en función da capacidade horaria do transporte escolar, e do persoal dispoñible para atender aos comensais que será o adecuado ao rateo dos comensais que coman en cada quenda.

14.8. Os locais utilizados no servizo de comedor ventilaranse con ventilación cruzada cando menos 15 minutos antes e 15 minutos despois de cada quenda. As portas permanecerán abertas e se as circunstancias meteorolóxicas o permiten manterase unha mínima ventilación cruzada durante todo o servizo.

14.9. Os pratos serán individuais e non poderán ser compartidos entre o alumnado. A auga poderá servirse nunha soa xarra, pero deberá servila sempre unha mesma persoa. Non se poñerán na mesa utensilios de uso común, como aceiteiras e vinagreiras, cestos de pan para a mesa, etc...

14.10. Nos centros nos que se sirva a comida mediante unha liña de autoservizo, o alumnado deberá manter nesta, de forma xenérica, a distancia de seguridade de 1,5 metros entre eles.

14.11. O Equipo Covid do centro disporá dun plano de situación no que constarán os postos fixos asignados a cada alumno/a para garantir o control e seguimento epidemiolóxico. Levarase control diario da asistencia do alumnado ao comedor co mesmo fin.

14.12. Recolleranse os distintos grupos de convivencia estable na porta da aula e serán acompañados ao comedor, utilizando mascara polos corredores e mantendo o distanciamento entre os grupos.

14.13. Antes e despois de acceder ao comedor, o alumnado, mantendo o grupo de convivencia estable, deberá ir ao baño do andar que lle corresponda para realizar a hixiene de mans. Os centros garantirán a existencia de xabón e papel para secar as mans nos aseos, así como dispensadores de xel hidroalcohólico á entrada e saída dos comedores.

14.14. Será obriga do alumnado levar, como mínimo, unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.

14.15. Será necesario ventilar o comedor tras cada quenda un mínimo de 15 minutos.

14.16. Cando remate a comida, o alumnado sairá por orden segundo están sentados nas cadeiras e agruparanse nos patios dos recreos, ou outros espazos habilitados para o efecto, ata que os familiares os recollan por grupos de convivencia estable ou grupos previos establecidos para tal fin, ou ata o inicio da actividade lectiva de tarde, nos casos de horario partido. Unha vez sexan recollidos polas familias, deberán abandonar o recinto escolar.

14.17. Para as entradas e saídas do centro ou para o inicio do servizo de comedor poderase flexibilizar o horario dentro da última hora lectiva. O equipo directivo determinará a saída por colectivos con distancias horarias, sempre que sexa posible.

14.18. O persoal colaborador respectará as rateos que correspondan ao número de alumnos/as presentes en cada unha das quendas.

14.19. O persoal de cociña ten a obriga de lavar e desinfectar todo o enxoaval, e electrodomésticos e utensilios que se utilicen no proceso de elaboración dos menús. O uso de luvas non é recomendable de forma xeral, pero si nas tarefas de limpeza.

14.20. O protocolo a aplicar no caso dos centros que dispoñan de cafetaría será o que en cada momento este vixente para os establecementos de hostalería, incidindo en que o uso da máscara é obligatorio, agás no momento específico da alimentación.

14.21. No caso de detección de síntomas compatibles coa Covid-19 nun usuario durante o servizo de comedor, informarase á dirección do centro e ao Equipo Covid e contactarase coa súa familia que deberá presentarse no servizo o antes posible. Illarase ao menor no espazo destinado polo centro para tal fin, que deberá ser coñecido polos responsables e persoal do comedor independentemente do réxime de xestión.

#### **15. Consideracións xerais na aula ordinaria.**

15.1. Na aula, no propio pupitre ou noutro lugar diferenciado, como casilleiros ou mobles, o alumnado gardará o seu material de xeito diferenciado para evitar o contacto co resto dos/as compañeiros/as.

Resulta recomendable que cada alumno/a teña o seu material gardado en contedores propios como estoxos ou semellantes e na medida do posible todo rotulado co seu nome.

Nas perchas o material ou roupa colocárase do xeito mais individualizado posible.

15.2. Cando se use material susceptible de ser compartido lembráráselle ao alumnado a necesidade e importancia da hixiene de mans antes e despois de usar o material.

#### **16. Consideracións especiais doutro tipo de aulas**

16.1. Sen prexuízo da aplicación das normas do punto anterior no caso de aulas de desdobre, talleres, laboratorios, aulas de música, debuxo ou informática extremáranse os protocolos de limpeza por tratarse de aulas de uso máis compartido.

16.2. Nestas aulas tamén é obligatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas.

16.3. O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a

clase. Implicarase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo.

16.4. En cada unha das materias adaptarase a metodoloxía da aula evitando a formación de grupos e minimizando o contacto con materiais. Nos casos de utilización de instrumentos de vento (especialmente no caso de frauta) nas clases de música ou nos exercicios de canto a distancia interpersonal elevarase a 3 metros e recálcase a importancia dunha axeitada ventilación dos espazos.

16.5. No caso da clase de educación física o uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros. Cando se compartan materiais procurarase a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans. Coidarase especialmente do uso da máscara nos ximnasios ou polideportivos pechados con ventilación reducida.

## **17. Cambios de clase**

17.1. Cando o alumnado precise dun cambio de aula, deberá proceder a desinfectar o seu posto, en caso de ter sido usado con anterioridade.

Con carácter xeral, o alumnado debe permanecer no seu sitio durante os cambios de clase. No caso de ter que trasladarse a outra aula, avisarase ao profesor anterior para que finalice a súa clase 5 minutos antes de xeito que poida organizar a saída ordenada e paulatina do alumnado.

A saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade. Agardarán polo/a profesor/a á entrada da nova aula en ringleira de 1 gardando a distancia de seguridade, evitándose a formación de aglomeracións de alumnado.

17.2. Se houbera outro grupo na nova aula; agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras.

## 18. Uso da biblioteca

18.1. A biblioteca poderá ser usada de acordo co aforo xeral previsto para as bibliotecas públicas.

A persoa responsable da biblioteca, xunto coa dirección, establecerá un protocolo de acceso á biblioteca, se fose posible mediante petición previa. O alumnado debe hixienizar as mans antes e despois da estancia na sala.

18.2. O equipo de biblioteca sinalizará nas mesas e outros postos de traballo aqueles que poden ser utilizados de xeito que se manteña a distancia de seguridade e se optimicen os postos dispoñibles.

Ao rematar, os/as usuarios/as da biblioteca hixienizarán os postos que teñan ocupado.

18.3. O préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual.

18.4. Aplícanse na biblioteca as restantes normas de uso e funcionamento das aulas ordinarias.

## 19. Uso dos aseos

19.1. O uso dos aseos estará limitado a unha simultaneidade non superior ao 50% do seu aforo. O alumnado deberá hixienizar as mans á saída do mesmo. Estableceranse as medidas conducentes a garantir o cumprimento deste aforo.

19.2. O público en xeral que non teña a condición de persoal do centro ou de alumnado únicamente poderá usar un dos aseos más próximos á entrada do centro.

19.3. No caso de alumnado da etapa de infantil ou con NEE, o persoal coidador que acompañe ao alumnado ao aseo deberá portar as proteccións individuais axeitadas.

## 20. Medidas específicas para os recreos

20.1. Os equipos directivos establecerán o aforo posible de cada un dos posibles espazos que sexan susceptibles de utilizar como espazos de recreo, podendo incluír, de ser o caso ximnasios, pistas cubertas ou polideportivos. Dispoñeranse as medidas necesarias para manter as distancias de seguridade.

20.2. Unha vez calculado o aforo e a dispoñibilidade de espazos así como as necesidades dos grupos do centro realizarase unha proposta de "horas de recreo" e "grupos en recreo" que permita organizar non só a distribución do alumnado senón tamén as entradas e saídas nas aulas para minimizar concentracións elevadas de alumnado en corredores e escaleiras.

A nova organización da distribucións de recreos, horarios e do profesorado asignado ao mesmo documentárase no "Plan de adaptación á situación Covid-19 no curso 2021/2022" para poñela a disposición, de ser o caso, da inspección educativa.

Poderán compartirse obxectos coas medidas de hixiene necesarias.

## 21. Utilización de cartelaría no centro

21.1. O centro disporá de cartelaría informativa nas entradas, corredores, escaleiras e zonas de recreo que advirta sobre o respecto da distancia de seguridade, sintomatoloxía do Covid-19 e medidas de hixiene social e individual. Nas aulas e aseos reforzarase a información sobre hixiene individual.

21.2. A cartelaría de uso preferente será a subministrada pola administración autonómica ou impresa polo propios centros en tamaño A3 ou superior.

## 22. Medidas específicas para o alumnado de educación infantil

22.1. Recoméndase o inicio da xornada con accións nas que se traballe a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, actividades que se realizarán presentadas como algo lúdico. Debe terse en consideración que o uso do xel hidroalcohólico en idades temperás pode supor o risco de que metan inmediatamente os dedos na boca polo que no caso dos dispensadores non deben de

ser accesibles sen supervisión. Por iso, para o alumnado de Educación Infantil, restrinxirse o uso do xel hidroalcóholico e priorizarse o uso de agua e xabón ou outros tipos de solucións xabonosas.

22.2. Para o xogo en recantos (ambientes) delimitarase e organizarase o seu uso de xeito individual, garantindo a desinfección posterior ao seu uso, tanto do espazo e como dos materiais. Estes materiais non serán de moitas pezas e serán de fácil desinfección.

22.3. A merenda realizarase de xeito individual en grupos colaborativos e en espazos diferenciados, no caso de ser posible no patio exterior para garantir o distanciamento sempre que o tempo o permita.

22.4. Nos recreos débese reforzar a vixilancia, procurando evitar o contacto ou ben organizar distintas quendas.

22.5. Os obradoiros serán adaptados a grupos más reducidos e procurando a desinfección do material (robótica, xogos...) despois de cada uso.

### **23. Medidas específicas para laboratorios e talleres**

23.1. Ao inicio da actividade o alumnado deberá ser informado sobre as medidas e recomendacións a seguir e, no seu caso, dotarase a estes espazos de carteis informativos.

23.2. Estableceranse as medidas axeitadas para que o alumnado especialmente sensible poida desenvolver as actividades.

23.3. Os equipos de protección individual que non formen parte do equipamento propio do alumnado deberán estar perfectamente hixienizados para o seu uso. Así mesmo, engadiranse outros equipos de protección axeitados en cada caso, favorecendo cando sexa posible a utilización de materiais desbotables.

23.4. O uso das ferramentas e dos equipos de traballo planificarase de xeito que a realización da práctica supoña a mínima manipulación posible. Deberán ser

hixienizados despois de cada actividade para o seu uso polo seguinte grupo ou alumno/a.

#### **24. Normas específicas para o alumnado con NEE**

24.1. Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais recoméndase o uso das máscaras dentro e fóra da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade. No caso de non poder facer uso da mesma optarase por outras fórmulas que garantan a protección individual como pode ser o uso de pantallas e mamparas así como a protección colectiva, establecendo grupos de convivencia estable formados polo alumnado do mesmo grupo docente e aula. Neste caso limitaranse as interaccións dos grupos.

24.2. Nos casos nos que o alumnado non leve máscara e non se poida manter a distancia interpersonal, poderíase indicar o uso por parte do profesorado de máscara cirúrxica ou autofiltrante, ademais dunha pantalla ou viseira, en función da avaliación do risco de cada caso por parte do Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

24.3. No caso de que o alumnado non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esbirrar ou tusir, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.

24.4. Asignarase un aseo no centro no que se intensificará a limpeza e a desinfección como medida de prevención de risco.

24.5. O departamento de orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.

24.6. No caso dunha escolarización combinada, coidarase adoptar as mesmas medidas co fin de facilitar a comprensión das mesmas por parte deste alumnado.

24.7. O centro educativo axustará todas as indicacións e comunicacións dirixidas a este alumnado que ten escolarizado, aos diferentes sistemas de comunicación utilizados co alumnado con necesidades educativas especiais.

24.8. O alumnado con necesidades educativas especiais contará cun protocolo e orientacións de atención específicas, con especial atención ás unidades e centros de Educación Especial.

## **25 Medidas específicas para as ensinanzas de réxime especial.**

25.1. Nos centros que imparten ensinanzas de música e artes escénicas, así como nos centros autorizados, aplicaranse as medidas que indique a normativa vixente en cada momento en relación a estas actividades.

Nas ensinanzas de danza tamén será obrigatorio o uso de máscara, porén ofreceranse tempos de descanso sen a máscara para osixenar o corpo durante a xornada no centro educativo, sempre baixo a supervisión dun/dunha profesor/a e mantendo, con carácter xeral, como mínimo 1,5 metros de seguridade ou encarados fronte a unha parede. Así mesmo, nas ensinanzas de danza poderase realizar traballo físico en contacto co chan nun espazo delimitado para cada alumno/a dentro da aula de danza, sempre mantendo a distancia, con carácter xeral, de 1,5 metros de seguridade e nun espazo previamente desinfectado. Non se poderán realizar as representacións escénicas sen máscara. Intensificaranse a ventilación no espazo onde ser realicen estas actividades.

25.2. Nas Escolas oficiais de Idiomas as medidas a aplicar serán as xerais coas seguintes especificacións:

Para a realización das probas de certificación teranse en conta as seguintes medidas organizativas: A entrada á escola farase de xeito graduado para evitar aglomeracións. Os chamamentos para as probas poderán realizarse ata unha hora antes do seu inicio.

No caso de probas orais o profesorado informará as persoas candidatas sobre o desenvolvemento das probas orais. Na realización das probas de producción e

coprodución de textos orais e de mediación oral, a distribución do profesorado e das persoas candidatas garantirá a distancia de seguridade e a utilización de máscara.

25.3. Nos centros que imparten Ensinanzas de Artes Plásticas e Deseño, e de Conservación e Restauración de Bens Culturais serán de aplicación as medidas previstas para os talleres onde se impartan módulos de Formación Profesional.

25.4. Nas ensinanzas deportivas aplicarase o protocolo xeral establecido para cada práctica deportiva ou modalidade.

## **26. Medidas específicas para o profesorado**

26.1. Corresponde ao profesorado manter unha conduta exemplar no cumprimento das medidas de protección, ademais, de acordo coas capacidades do grupo, aproveitarse calquera contido para inculcar no alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas.

26.2. O profesorado deberá dispor dunha dotación de material de hixiene composto por panos desbotables, solución desinfectante e xel hidroalcohólico para o seu uso individual, que usará en cada cambio de aula e na limpeza da súa mesa e cadeira, así como do material do profesorado de uso non individual que teña utilizado en cada unha das aulas. O material de limpeza e desinfección será subministrado polo centro educativo.

26.3. En cada cambio de grupo o profesorado responsabilizarase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado.

26.4. Todas as reunións do profesorado realizaranse cumplindo as normas de protección e o aforo dos locais, cando non sexa posible deste xeito usaranse medios telemáticos.

26.5. O equipo directivo determinará o aforo máximo de salas de profesores e departamentos que permita cumplir a distancia de seguridade, con carácter xeral, de 1,5 metros, marcando os espazos susceptibles de utilización e lembrando a

necesidade de hixienizar o lugar que se ocupe en cada cambio de profesor/a e dos elementos de uso común como teclados, pantallas ou máquinas expendedoras.

26.6. Na realización de reunións de tutorías priorizárase o recurso á reunión non presencial mediante videochamada ou teléfono. Cando a reunión teña que ser presencial adaptaranse espazos para este tipo de reunións onde se garantirán os criterios de seguridade xunto coa dispoñibilidade de produtos de limpeza de mans.

## **27. Normas en materia de reunións de órganos colexiados.**

27.1. De conformidade co dispuesto no artigo 17 de la Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público os órganos colexiados poderanxe constituír, convocar, celebrar a súas sesións, adoptar acordos e remitir actas a distancia, agás nos supostos nos que o seu regulamento interno recolla expresa e excepcionalmente o contrario e que, de ser este o caso, poderá revisarse e realizar as modificacións e adaptacións oportunas.

27.2. Nas sesións que se celebren a distancia deben garantirse a identidade dos membros que participen, o contido das súas manifestacións e o sentido do seu voto. A estos efectos considérase validamente emitido o voto formalizado na propia sesión da videoconferencia ou o emitido por correo electrónico.

27.3. As convocatorias serán remitidas aos membros do órgano colexiado preferentemente a través de medios electrónicos, facendo constar na mesma a orde do día, a documentación da misma e un documento no que se poida formalizar para cada un dos puntos por separado o senso das votacións.

## **MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO**

### **28. Educación en Saúde**

28.1. O equipo Covid debe asegurar que a información sobre os protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas nos centros educativos chegan e son comprendidas por toda a comunidade educativa, establecendo canles de comunicación fluída.

28.1.1. Proporcionarase información e facilitarase a adquisición de habilidades sobre as medidas de prevención e hixiene aos traballadores/as do centro educativo, que á súa vez facilitarán a comunicación ao resto da comunidade educativa.

28.1.2. Comunicarase (incluída a publicación na web) a información a todas as familias, mantendo unha canle dispoñible para a solución de dúbidas que poidan xurdir.

28.1.3. Potenciarase o uso de infografías, carteis e sinalización que fomente o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene. Coidarase que esta información sexa actualizada no caso de que cambien as indicacións das autoridades sanitarias.

28.2. Deseñaranse e implementaranse actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte á Covid-19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa. Así mesmo, estas actividades débense incluír de maneira transversal nos programas e actividades de educación e promoción da saúde que xa viñan desenvolvéndose no centro educativo, de maneira que se poida traballar a saúde de forma integral.

28.3. A tal efecto, desenvolveranse iniciativas innovadoras para dinamizar e promover hábitos de vida activa e saudable nos centros educativos a través de dun gran abano de programas como son o Plan proxecta e Contratos-programa, entre outros. Igualmente, promoveranse accións como a oferta da materia de libre configuración autonómica “Promoción de estilos de vida saudables” na etapa secundaria obligatoria. Estas e outras actuacións desenvolveranse desde unha perspectiva interdisciplinar e baixo as dúas liñas marcadas:

a) Hábitos de alimentación saudable.

b) Vida activa que inclúa a actividade física no día a día e ao longo da vida.

28.4. A Consellería de Sanidade continuarán mediante fórmulas de teleformación, a formación suficiente para os centros educativos sobre as medidas xerais de prevención e protección. Dentro da oferta formativa do Plan de formación do profesorado para o curso 2021/2022 incluiranse cursos impartidos por profesionais sanitarios.

## 29. Aulas virtuais e ensino a distancia

29.1. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade facilita a todos os centros educativos unha Aula Virtual, a través do enderezo:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/XXXXXX/aulavirtual2> onde XXXXX corresponde ao nome do centro. O acceso á mesma estará na páxina web do centro educativo.

29.2. As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en adiante e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería. O seu uso en primeiro e segundo de Educación Primaria quedará a discreción do centro educativo. Nos cursos anteriores habilitaranse fórmulas de comunicación como foros ou videochamadas para manter contacto coas familias e, de ser posible, fornecer contidos educativos para este tipo de alumnado.

29.3. Na Educación Infantil, no primeiro e segundo cursos de Educación Primaria no que non se usen aulas virtuais, ou no caso doutro alumnado no que non sexa posible o seu uso, arbitrarase un modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia. Dito modo alternativo quedará recollido na programación didáctica e realizarase unha proba do seu correcto funcionamento durante o tempo que asiste o seu alumnado ao centro.

29.4. Corresponde ao profesorado que designe a dirección do centro, asistidos de ser o caso polos asesores Abalar, continuar coa mellora do funcionamento e o

mantemento da aula virtual. Durante o mes de setembro, antes da asistencia do alumnado ás aulas, crearanse os "cursos" dentro das aulas virtuais, e así como os usuarios para o alumnado e profesorado. Realizaranse as reunións oportunas para informar ao profesorado dos seus usuarios, do modo de ensinar aos/ás alumnos/as a inscribirse nos cursos, e da formación dispoñible (á súa disposición coordinadoras TIC poderán crear modelos básicos que sexan homoxéneos para a totalidade dos cursos e que faciliten o labor do profesorado con menor experiencia no uso). Porase a disposición do profesorado uns videotutoriais para a realización das tarefas de primeira posta en funcionamento da aula virtual.

29.5. Durante os primeiros días de clase, en setembro, os/as titulares/as de cada un dos grupos, facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matriculen en cada un dos cursos dos que forman parte. Cando sexa posible usarase a aula de informática do centro para estas tarefas.

29.6. Todo o profesorado, á maior brevidade posible, asegurarase de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia. Dedicará o tempo que precise na aula de informática para afianzar as destrezas do alumnado no uso do seu curso virtual.

29.7. A aula virtual, os cursos, e os usuarios (profesorado e alumnado) terán que estar plenamente operativos e funcionando ao finalizar o mes de setembro. É recomendable que os/as alumnos/as estean familiarizados coa contorna dos cursos e coa metodoloxía de traballo na aula virtual. Crearase tamén un usuario na aula virtual para o/a inspector/a do centro con permiso de acceso a todos os cursos virtuais e facilitaráselle a dito/a inspector/a o seu usuario e clave.

29.8. No mes de setembro, os/as titulares/as identificarán ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e notificarano ao equipo directivo. O equipo directivo atenderá estas necesidades co equipamento co que foi dotado no marco do Plan de Redución da Fenda Dixital, sempre que non se trate de

alumnado Edixgal que contará con recursos específicos. No caso de corentenas ou illamentos, de non contar con recursos propios, procederase de acordo co sistema habilitado para a cesión de dispositivos Covid.

29.9 Continuarase coa oferta de formación en aulas virtuais. As persoas asesoras Abalar de zona e da UAC (Unidade de Atención a Centros) prestarán especial atención para a atención dos problemas tecnolóxicos que poidan xurdir. Para fornecer de contidos á aula virtual o profesorado poderá usar os dispoñibles no espazo Abalar, os que figuran na web do Ministerio, ou calquera outro dispoñible.

29.10. Entre estes recursos inclúese a oferta dunha actividade de formación de 15 horas que permita iniciarse e afondar no aproveitamento didáctico das aulas virtuais e outras ferramentas institucionais. Estes cursos desenvolveranse na propia aula virtual de cada centro e incluirán contidos axustados ás características e necesidades dos diferentes contextos.

En consecuencia, ofertarase para todo o profesorado:

- Un curso de Introdución ao ensino mixto que estará dispoñible en formato aberto en Platega.
- Un curso titorizado de ensino mixto con contidos específicos para o profesorado de educación infantil, primaria, secundaria, FP, ensinanzas de réxime especial , adultos e educación especial.
- Unha formación en centros prioritaria centrada nas seguintes liñas:
  - Integración didáctica das TIC.
  - Deseño e desenvolvemento curricular no marco dun modelo competencial.

### **30. Normas específicas relativas a metodoloxías na aula e programacións**

30.1 As programacións didácticas incluirán a metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia.

30.2 Incluirase na programación o modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática. Tamén se incluirán os mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

30.3 Nas Instruccións de Inicio de Curso aprobadas por resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación profesional, así como nas instruccións que se diten ao respecto do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos, elaboración de horarios e para o desenvolvemento do ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros, no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, determinaranse as medidas a adoptar no suposto no que o alumnado teña que recibir ensino a distancia.

## DECLARACIÓN RESPONSABLE

### DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI  
número \_\_\_\_\_, como pai/nai/titor legal do alumno/a  
\_\_\_\_\_, matriculado no curso  
\_\_\_\_\_, do centro educativo \_\_\_\_\_

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE COÑECE O

PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS de  
ensino non universitario DE GALICIA PARA O CURSO 2021-2022

e que, polo tanto coñece a necesidade de obriga de realizar diariamente a enquisa  
de autoavalíação da Covid-19 ao alumno/a e a obriga de NON envialo/a ao centro e  
contactar cos servizos sanitarios e seguir as súas indicacións en caso presentar  
cando menos un síntomas previstos. De igual xeito coñece a obriga de seguir as  
indicacións da autoridade sanitaria no caso de que o/a alumno/a conviva cunha  
persoa con diagnóstico positivo de Covid-19.

O alumno/a non poderán acudir ao centro ata que así llelo indiquen os servizos  
sanitarios.

A persoa afectada ou a súa familia comunicarán estas circunstancias ao Equipo  
Covid do centro.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021.

ASDO. \_\_\_\_\_

## ANEXO I ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO Covid-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu/súa medico/a ou pediatra.


<i>Presentou nos últimos días?</i>		<i>SI</i>	<i>NON</i>
<b>Síntomas respiratorios</b>	<b>Febre maior de 37,5°C</b>		
	<b>Tose seca</b>		
	<b>Dificultade respiratoria</b>		
<b>Outros síntomas</b>	<b>Fatiga severa (cansazo)</b>		
	<b>Dor muscular</b>		
	<b>Falta de olfacto</b>		
	<b>Falta de gusto</b>		
	<b>Diarrea</b>		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando começaron.


		<i>SI</i>	<i>NON</i>
<b>CONVIVIU nos últimos 10 días?</b>	<b>cunha persoa Covid-19 + confirmado?</b>		

## ANEXO II:

- No caso do transporte escolar:** establecerse un radio de 2 metros para a identificar a rede de contactos de cada un dos/as alumnos/as



- No caso de aulas, laboratorios, comedores e outros espazos:** adoptarase o mesmo criterio do radio de 2 metros arredor da persoa positiva.



"Protocolos de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-2 (Covid-19) no ámbito educativo non universitario de Galicia".  
[https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Informaci%C3%B3n-Covid-centros-educativos. \)](https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Informaci%C3%B3n-Covid-centros-educativos.)

### ANEXO III: MODELO DE DOCUMENTO "PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO EDUCATIVO"

Contidos recomendados: (*en todos os apartados pódense utilizar as medidas establecidas no protocolo xeral das consellerías de Educación e Sanidade adaptadas ao caso concreto do centro, ou a súa reprodución no Plan como recordatorio da súa obriga*).

O Plan de Continxencia do centro educativo XXXX ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

#### ACTUACIÓNES PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudiantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con Covid-19, así como aqueles as que así lle lo indique a CSC de acordo co Protocolo de Vixilancia e Control Epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-2 (COVID-19) no ámbito educativo non universitario de Galicia (<http://coronavirus.sergas.gal>).

2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con Covid-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:

- Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titulares legais.
- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
  - máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
  - De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que

non houbese dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.

O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

3. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na Covid-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCovid, incluirá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vincellada ao centro educativo.

5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid-19 seguíranse as recomendacións da CSC e, no caso de gromos, da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación,-determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que

se comunicará ao equipo Covid do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.

9. **A aparición dun caso sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obligatoria .**

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo, na resolución que se dite aos efectos do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 así como para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia.

## ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

11. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

12. O equipo Covid do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

14. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- a)
- b)
- c)....

#### **MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

15. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial.

## ANEXO IV: MODELO DE DOCUMENTO "PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19 NO CURSO 2020-2021"

Contidos recomendados: (*en todos os apartados pódense utilizar as medidas establecidas no protocolo xeral das consellerías de Educación e Sanidade adaptadas ao caso concreto do centro, ou a súa reprodución no Plan como recordatorio da súa obriga*).

### MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA

- 1) Denominación do centro, enderezo e teléfonos.
- 2) Membros do equipo Covid (incluir posible asignación de tarefas aos membros).
- 3) Determinación do espazo de illamento Covid e dos elementos de protección que inclúe.
- 4) Número de alumnos por nivel e etapa educativa (utilizar un cadro).
- 5) Cadro de persoal do centro educativo (unicamente número de efectivos).
- 6) Determinación dos grupos estables de convivencia (infantil e primaria) e dos colaborativos na etapa de infantil, con asignación da aula, do alumnado, do profesorado que exerce a tutoría e os especialistas que imparten materias ao grupo.
- 7) Medidas específicas para os grupos de infantil, con inclusión de medidas que xa figuren no protocolo das consellerías ou doutras acomodadas á realidade do centro e do grupo.
- 8) Canle de comunicación para dar a coñecer ao equipo Covid os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para a comunicación das familias co equipo Covid para comunicar incidencia e ausencias.
- 9) Procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado.
- 10) Procedemento de comunicación das incidencias as autoridades sanitarias e educativas a través da aplicación informática.

## MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

- 11) Croques da situación dos pupitres nas aulas ben de xeito individual ou croques xenérico que sexa reproducible nos restantes espazos. Identificación da posición do profesorado.
- 12) Cando o tamaño da aula non permita as distancias mínimas identificación de espazos ou salas para asignar a grupos.
- 13) Determinación das medidas para o uso de espazos de PT e AL, departamento de orientación ou aulas especiais do centro. Modelo de cuestionario avaliación de medidas como anexo ao Plan (pódese utilizar un semellante ao que figura neste protocolo).
- 14) Determinación dos xeitos de realizar titorías coas familias.
- 15) Canles de información ás familias e persoas alleas ao centro (provedores, visitantes, persoal do concello....).
- 16) Uso da máscara no centro.
- 17) Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa.

## MEDIDAS DE LIMPEZA

- 18) Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente.
- 19) Distribución horaria do persoal de limpeza e da alternancia semanal ou mensual de tarefas. (no caso de que existan dúas ou mais persoas de limpeza polo menos unha delas realizará o seu traballo en horario de mañá).
- 20) Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza.
- 21) Cadro de control de limpeza dos aseos.
- 22) Modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas (a colocar en cada aulas).
- 23) Determinación dos espazos para a xestión de residuos.

## MATERIAL DE PROTECCIÓN

- 24) Rregistro e inventario do material do que dispón o centro.
- 25) Determinación do sistema de compras do material de protección.
- 26) Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición.

### **XESTIÓN DOS GROMOS**

- 27) A determinación das medidas pode ser referida a xenérica do protocolo das consellerías, unha propia do centro ou unha remisión ao Plan de continxencia.
- 28) Deben determinarse as persoas que realizarán as comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa, que serán as integrantes do equipo Covid.

### **XESTIÓN DAS PETICIÓNDS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE**

- 29) Canle de petición das solicitudes, de comunicación coa xefatura territorial e de solicitude, de ser o caso de persoal substituto.

### **MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO**

- 30) Determinación das entradas e saídas, organización das mesmas con horarios de ser o caso. Regulación da entrada de acompañantes do alumnado. (Cando o centro dispoña de planos poderanse grafiar sobre unha copia dos mesmos os lugares de entrada incluíndo de ser o caso os das distintas etapas educativas, no caso de non dispoñer deles poderanse utilizar acomodados a realidade do centro os que figuran como tipoloxías anexos ao presente documento).
- 31) Determinación das portas de entrada e saída, das circulacións no centro educativo, uso de elevadores, núcleos de escaleiras, etc (Cando o centro dispoña de planos poderanse grafiar sobre unha copia dos mesmos os sentidos de circulacións, no caso de non dispoñer deles poderanse utilizar acomodados a realidade do centro os que figuran como tipoloxías anexos ao presente documento).
- 32) Previsións sobre a colocación de cartelaría e sinaléctica no centro, coa premisa de que a de prevención prima sobre calquera outra en relación coa súa localización.
- 33) Determinacións sobre a entrada e saída de alumnado transportado.

34) Asignacións do profesorado encargado da vixilancia.

### **MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS**

35) Previsións en relación co programa de madrugadores ou de actividades previas ao inicio da xornada. As medidas e determinacións que figuren no plan deberán ser coordinadas coa ANPA ou concello que preste ou organice o servizo e incorporaranse ao presente Plan.

36) Previsións para a realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor. Deberán ser coordinadas co organizador do servizo.

37) Determinacións para as xuntanzas de ANPAs e Consello Escolar.

38) Previsión de realización de titorías e comunicacións coas familias.

39) Normas para a realización de eventos.

### **MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO**

40) Establecemento de medidas de entrada e saída dos vehículos no centro educativo, establecemento dun espazo de espera para o alumnado transportado. Criterios de ser o caso de priorización do alumnado para o uso do transporte.

### **MEDIDAS DE USO DE COMEDOR**

41) Establecemento, de ser o caso, de quendas para o uso de comedor. Determinación dos lugares ocupados polos comensais. Priorización do alumnado sobre o resto do persoal do centro.

42) Previsión sobre o persoal colaborador

43) Previsión sobre o persoal de cociña e a limpeza da mesma.

### **MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS**

44) Realizaranse as previsións que sexan precisas noutros espazos do centro tales como aulas especiais (tecnoloxía, música, debuxo, inglés, laboratorios, ...) ximnasios, pistas cubertas, salóns ou calquera outro espazo de uso educativo. As previsións incluirán as normas de uso e limpeza.

- 45) Existirán determinacións específicas para a materia de educación física.
- 46) Regularase o proceso de cambio de aula ou a visita á aula especial ou espazos de uso educativo.
- 47) As persoas responsables da biblioteca establecerán unhas normas de uso acomodadas as xerais establecidas no protocolo.
- 48) Poderanse asignar grupos de aseos a alumnado de etapas educativas con carácter exclusivo en atención á realidade do centro.

#### **MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS**

- 49) As determinacións sobre o horario do recreo, os espazos, de ser o caso incluso as divisións dos mesmos, e do uso e orde no recreo realizarase pormenorizadamente no plan con asignación de espazos a grupos ou niveis e coas previsións propias para os grupos.
- 50) Nas determinacións figurarán os criterios para a asignación do profesorado de vixilancia. Existirá un cadre que defina os horarios dos grupos de convivencia estable.

#### **MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DOS DOUS PRIMEIROS CURSOS DE PRIMARIA**

- 51) Incluiranse previsións sobre a metodoloxía na aula, o uso de baños que estean situados na mesma. Tamén figurarán determinacións sobre o traballo en recantos e de uso do material da aula.
- 52) A maiores das previsións xerais sobre recreos existirá unha previsión específica para os xogos e actividades a realizar no tempo de recreo. Incluirase unha previsión sobre o tempo de merenda.

#### **MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA USO DE LABORATORIOS E TALLERES DE FORMACIÓN PROFESIONAL**

- 53) Nas previsións de uso destes espazos deberá detallarse o uso e hixiene dos elementos e ferramentas que poidan ser utilizadas por varios/as alumnos/as e protocolizarase en función

das diferentes ensinanzas os detalles de utilización do equipamento e a necesidade dun recordatorio continuo dos protocolos de prevención.

### **NORMAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE NEE**

54) O equipo Covid, en colaboración co departamento de orientación establecerá as medidas concretas en relación coa diferente tipoloxía de alumnado con NEE.

55) Particulizaranse as tarefas e medidas que o persoal docente e coidador debe de extremar en relación co alumnado. As medidas serán obxecto de seguimento continuo para a súa adaptación a cada circunstancia.

### **PREVISIÓNES ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO**

56) Para as reunións de profesorado, uso da sala de profesores e departamentos estableceranse as medidas que sexan oportunas en función do número de persoas e aforos dispoñibles. Existirán previsións para o uso de máquinas de vending ou cafeteiras.

57) O centro incluirá previsións para acomodar ás situacións más seguras a reunión dos órganos colexiados do centro, mediante o uso de ser o caso de ferramentas de comunicación a distancia.

### **MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO**

58) De conformidade coas previsións do plan de formación do profesorado e cos programas formativos existentes no centro intensificarase a educación en saúde, particularmente na prevención fronte a Covid-19. No plan existirá unha previsión das actividades que ao longo do curso se realizará co alumnado e unha previsión xeral do carácter transversal da prevención e hixiene fronte ao SARS-CoV-2.

59) O Plan regulará a difusión da información das medidas de prevención e a distribución das medidas e comunicacións que realice a Consellería de Sanidade e a de Educación. Así mesmo en colaboración co centro de saúde de referencia incluirá posibles charlas do persoal sanitario sobre a prevención e protección. Establecerase a información que será de uso obrigado na web do centro.


60) O plan determinará o profesorado que, en función do seu coñecemento e experiencia, será o encargado de coordinar a implantación das aulas virtuais, a comunicación coas persoas asesoras de Abalar ou Edixgal e coa UAC. O persoal docente designado colaborará cos compañeiros que teñan maior dificultade na implantación das aulas e divulgará as accións de formación que estean dispoñibles para o conxunto do persoal docente e dos contidos existentes.

61) O plan poderá conter aquelas previsións existentes no documento de "instrucións de inicio de curso" aprobadas pola Secretaría Xeral que teñan relación coas medidas de adaptación ao contexto da Covid-19 e que deban ser coñecidas polo conxunto da comunidade educativa.


62) O "Plan de adaptación á situación Covid-19" é un documento público do centro que estará a disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa. Será obxecto de difusión na paxina web do centro e por aquellas canles que o centro considere oportunas


## ANEXO V: PLANOS DE CIRCULACIÓN EN TIPOLOXÍAS DE CENTROS


No Portal da Dirección disporase doutros modelos de tipoloxías de centros.











## ANEXO VI Actividades extraescolares e complementarias

**Consideracións xerais sobre actividades complementarias e extraescolares nos centros educativos:**

- 1 Deben manterse os grupos de convivencia estable ou gardarse as distancias de seguridade previstas nos protocolos con carácter xeral.
- 2 Cómpre priorizar as actividades no exterior pero evitando igualmente aglomeracións.
- 3 Deberase levar rexistro das persoas que participan nestas actividades, así como o lugar que ocupan, non podendo cambiar de compañeiros/as para limitar as interaccións e facilitar a localización de posibles contactos estreitos.
- 4 É preciso extremar as medidas de hixiene e ventilación antes, durante e despois da actividade.
- 5 Cando a actividade implique saída do centro e visita a algúñ lugar deberá coñecerse con antelación o protocolo COVID da instalación e deberá ser asumida e explicada ao alumnado de acordo á súa idade.
- 6 O número de profesorado acompañante debe ser tal que permita garantir as medidas de seguridade sanitarias nas visitas e saídas do centro educativo. Pódese tomar como referencia o establecido no ROC e axustalo á situación da actividade para garantir a seguridade sanitaria: os alumnos serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción como mínimo dun profesor por cada unidade. Poderá un profesor acompañar máis dunha unidade sempre e cando o total de alumnos non pase os 25 ou 30, segundo sexan de educación infantil ou primaria, ou secundaria, respectivamente.
- 7 Cando a actividade implique uso de transporte deberán extremarse as medidas de hixiene, por suposto será obligatorio o uso de máscara e anotarase o lugar que ocupa o alumnado que será fixo nos dos sentidos do traxecto.
- 8 Cando as actividades supoñan a entrada no centro de persoal alleo este deberá coñecer previamente e asumir na súa totalidade o protocolo COVID e o Plan de

adaptación do centro e asinar o compromiso de realizar a enquisa de autoavalíación antes da actividade. En ningún caso acudirá se teñen síntomas de igual xeito que o persoal do centro. Tanto si se trata de actividades esporádicas como regulares o Equipo Covid estará informado en todo momento así como profesorado afectado e o PND que deba atendelo e levarase rexistro da súa presenza e interaccións.

- 9 Estas persoas alleas extremarán a hixiene á entrada e saída do centro, gardarán o uso de máscara e distancia de seguridade.
- 10 As persoas que accedan a centros de xeito regular en virtude de convenios, tales como persoal da ONCE ou outras entidades que apoién o proceso de ensino-aprendizaxe na atención á diversidade, deberán asinar a declaración responsable que asina o alumnado, coñecer e asumir o protocolo do centro e extremar as precaucións nas súas interaccións co resto da comunidade educativa.
- 11 No caso de acceso ao centro de persoas alleas ao persoal deberán estar sempre acompañadas de persoal do centro.
- 12 Posto que en diversas actividades educativo-culturais colaboran concellos, por exemplo, en visitas guiadas (museos, etc.) ou en actividades deportivas, a partir dunha lexislación que establece o sobre uso das instalacións vinculadas aos centros, regulado mediante convenios, cada centro educativo no que teñan lugar ditas actividades trasladará ao concello de referencia este protocolo a efectos de coñecemento e coordinación das medidas preventivas.
- 13 Os responsables de verificar todo o procedemento serán os membros do Equipo Covid.
- 14 Os eventos e celebracións que terán lugar nos centros educativos realizaranse sempre que se poda aoi aire libre e acorde ás mesmas condicións que os seus homólogos no ámbito comunitario.

**Consideracións xerais sobre actividades complementarias e extraescolares organizadas por ANPAS, concellos, etc nos centros educativos:**

- 1 CONSIDERACIÓN XERAIS:

- 1.1 A entidade organizadora presentará á dirección do centro dun "Plan de actividades extraescolares" conxuntamente cun plan de continxencia que será revisado polo Consello Escolar para súa aprobación. O plan de continxencia específico referirá, cando menos, os seguintes aspectos:
  - 1.a limpeza e desinfección das salas, estancias, baños, zonas de transito, mobiliario ou útiles empregados.
  - 1.b ventilación adecuada (antes, durante e despois)
  - 1.c acudir sempre que sexa posible á mesma sala, instalación, aula ou espazo
  - 1.d Aforo máximo por actividade
  - 1.e grupos de actividades extraescolares estables e rexistro diario de asistencia (evitar novos membros, interacción entre grupos, ou si é posible , cambio de monitores/as). O rexistro diario será custodiado pola entidade e poderá serlle requirido polo Equipo Covid.
- 1.2 As clases organizaranse de tal xeito que se poda facer unha saída e entrada graduada e unha ventilación entre clases e, de cando menos 10 a 15 minutos por hora.
- 1.3 Respectaranse na medida do posible os grupos de idade (curso ou ciclo) ou agruparanse por idades próximas.
- 1.4 Nas idades mais pequenas (infantil ou 1º e 2º de EP) valorarase facer grupos mais pequenos se fose necesario.
- 1.5 En actividades para ADULTOS o aforo será o permitido con carácter xeral polas autoridades sanitarias para xuntanzas segundo a situación epidemiolóxica da zona.
- 1.6 Todas as medidas e pautas establecidas neste protocolo poden estar suxeitas a novas medidas establecidas polas autoridades sanitarias en función da evolución epidemiolóxica xerada pola pandemia, polo tanto son revisables para cumplir coa normativa de aplicación en cada momento.

## 2 NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO:

- 2.1 Os/as pais/nais/ titores legais firmarán unha declaración de responsabilidade (o inicio das actividades) na que se comprometan a valorar e respectar as seguintes pasos/normas:
  - 2.2 Realizar a enquisa de autoavalíação prevista neste "Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022" e non acudir á actividade de acordo co que a mesma estableza.
  - 2.3 Informar ao persoal monitor no caso que se de algunha das circunstancias previstas na enquisa de autoavalíaión para o seu coñecemento e traslado ao centro educativo que o porá en coñecemento do Equipo Covid.
  - 2.4 Máscara obligatoria durante as actividades para maiores de 6 anos e recomendable para menores de 3 a 5 anos salvo nos casos de exención legalmente previstos e acreditados por informe sanitario. Os/as asistentes deberán traer cando menos unha segunda máscara de reposto nun estoxo axeitado.
  - 2.5 Non estará permitida a entrada a persoas alleas (pais/nais) nas actividades nin nas instalacións deportivas. Así como tampouco estará permitido estar na instalación fóra da hora de actividade. Tampouco estará permitida a presenza dos propios participantes cando non sexa a súa hora de actividade, nin sequera nas gradas, no caso de contar con estas.
  - 2.6 A persoa monitora sairá a recibir ao grupo cando a instalacións estea libre.
  - 2.7 Habilitarase unha PORTA DE ENTRADA e outra de SAÍDA para evitar a acumulación de persoas. No caso de non ser posible esta opción, primeiro efectuarase a saída e posteriormente a entrada do novo grupo. No exterior marcaranse zonas para esperar a entrada e/ou saída que garantan as distancias de seguridade. Para garantir un proceso áxil é precisa a máxima puntualidade.
  - 2.8 Os espazos contarán con aseos asignados (con indicación e control de aforo segundo o previsto na lexislación vixente) que permita o lavado de mans con auga

e xabón cando menos 40 segundos cando estean visiblemente sucias. Contarán tamén con dispensadores de xel hidroalcohólico nas entradas e saídas. No caso de grandes instalacións poderá solicitarse que o alumnado e persoas participantes contan con xel hidroalcohólico propio. Para o alumnado de Educación Infantil, restrinxirase o uso do xel hidroalcóholico e priorizarase o uso de agua e xabón ou outros tipos de solucións xabonosas. Para o alumnado de Educación Primaria extremarase o coidado coa utilización do xel hidroalcohólico, administrando unha cantidade de xel adecuada ao tamaño da man de cada neno/a, informando aos nenos e nenas de que debe ser absorbido antes realizar outras tarefas. Nos grupos etáriños entre ata os 7 anos, deberase prestar especial atención por parte dos coidadores á aplicación do xel por parte do alumnado.

2.9 Delimitaranse zonas para que cada neno/a deixe os seus obxectos persoais como a mochila ou a botella de auga. Procurarase que este lugar sexa fixo durante todo o curso. Entregarase ao centro un plano de situación con estes lugares marcados para facilitar, en caso de ser necesario, o seguimento epidemiolóxico.

2.10 O uso da máscara responderá ao previsto neste "Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022". As persoas monitoras determinaran os momentos de respiro ou paradas para beber de xeito seguro e con garantía de distancia de seguridade.

2.11 A organización das tarefas e exercicios será en función da normativa vixente. Inicialmente serán de forma individual ou en pequenos grupos, evitando o contacto.

2.12 Evitarase compartir material e, se fose necesario, estará previamente hixienizado. Despois do uso volverase a hixienizalo e será obligatorio o lavado de mans. As persoas adultas contarán co seu propio material e encargaranse de hixienizalo logo do seu uso.

2.13 A hixiene de mans, realizarase con auga xabonosa ou xel hidroalcohólico, e será obligatoria despois de xogar, tocar material deportivo, de ir ó baño, esbirrar, tusir ... ou cando o determine a persoa monitora.

2.14 Baixo ningún concepto poderán compartirse botellas de auga, que deberán estar claramente identificadas e situadas no sitio asignado a cada asistente xunto co resto de obxectos persoais.

2.15 No caso de detectarse síntomas nunha persoa participante durante a actividade:

15.a No caso de menores de idade procederase ao illamento desta persoa no espazo habilitado para tal fin e de acordo con este "Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022". Os centros comunicarán as entidades organizadoras cal é este espazo que, por razóns de operatividade, poderá ser diferente do utilizado durante o período lectivo (por exemplo en pavillóns polideportivos). No caso de ser un espazo diferenciado a entidade asegurará que se dispón dos elementos previstos neste "Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022" e que se cumple o estipulado con carácter xeral para o acompañamiento de persoas con síntomas compatibles coa Covid-19. A súa familia será informada inmediatamente e procederase de acordo co protocolo xeral segundo o plan de continxencia de cada centro.


15.b No caso de persoas maiores de idade, estas procederán de acordo co previsto con carácter xeral coas particularidades que o plan de continxencia de cada centro poida prever. Porán unha máscara cirúrxica, abandonarán a actividade e contactarán cos servizos sanitarios para seguir as súas indicacións.

Contarase, en todo caso, cun plan de actuación claro derivado do plan de continxencia que todas as persoas monitorias coñecerán e no que se establezan as actuacións e pautas de comunicación e coordinación.


Favorecerase a formación específica dos/as monitores/as na prevención e protección ante a Covid-19.

ANEXO VII ESCENARIOS COMEDOR ESCOLAR


# ESCENARIOS COMEDOR ESCOLAR




Escenario 1




Escenario 2




Escenario 3



Escenario 4



Escenario 5



Escenario 6

## ANEXO VIII Anexo sobre ventilación en centros educativos no contexto da Covid-19

### REFERENTES NA TOMA DE DECISIÓN SOBRE VENTILACIÓN

A cuestión da ventilación en centros educativos no contexto da pandemia por Covid-19 é unha preocupación a nivel mundial. A ventilación refírese á renovación do aire, é dicir, á renovación do aire interior, potencialmente contaminado, por aire exterior libre de virus. A utilización dun ventilador nun ambiente interior pechado non equivale a ventilar no sentido de renovación de aire. A purificación do aire consiste na eliminación das partículas en suspensión, susceptibles de conter virus. Polo tanto, ventilación non é igual a purificación.

A ventilación natural é a opción que se debe elixir e só no caso de que non sexa posible optarase por implementar unha ventilación forzada e/ou a purificación de aire.

Podemos citar principalmente dous informes de referencia que aglutinan a mellor evidencia científica dispoñible neste aspecto.

En primeiro lugar está o informe "Guía en 5 pasos para medir a taxa de renovación de aire en aulas", do Harvard Healthy Building Program, dispoñible en castelán.

Esta guía recolle evidencias ao respecto desta cuestión e utiliza como sistema de estimación da ventilación, como é práctica habitual na medición da calidad do aire e en sistemas de climatización, a concentración de CO<sub>2</sub>. Enténdese que cando a concentración de CO<sub>2</sub> baixa a niveis óptimos tamén o fará a concentración doutros elementos e partículas en suspensión coma é o caso dos virus.

A renovación do aire nunha aula pódese denominar polas súas siglas en inglés ACH (Air Changes per Hour). Se un espazo ten 1 ACH (1 renovación de aire por hora) significa que nunha hora entra na sala un volume de aire exterior igual ao volume da sala, e debido á mestura constante de aire, isto resulta en que o 63% do aire interior foi substituído por aire exterior. Con 2 renovacións reemplazamos o 86% e con 3 o 95%. A ventilación necesaria para reducir o risco de contaxio depende do volume da sala, o número e a idade dos ocupantes, a actividade realizada, a incidencia de casos na rexión e o risco asumible. A guía de Harvard recomenda 5-6 renovacións de aire por hora para aulas de 100 m<sup>2</sup>, con 25 estudiantes de 5-8 anos. Outros informes como o do CSIC que veremos a continuación establecen que para acadar as condicións de seguridade neste contexto de Covid-19 precisamos, cando menos 3

ACH, sendo 6 ACH o óptimo. O risco cero non existe. Canto mellor sexa a ventilación, menor é o risco de contaxio.

Se partimos da concentración ideal de CO<sub>2</sub> nun espazo perfectamente ventilado (concentración semellante á do exterior ou en torno a 400 *partes por millón ou ppm*) e, calculando o que aumenta esa concentración nunha aula por acción da respiración dos seus ocupantes, permite establecer os momentos nos que é necesario ventilar. Ademais, baseándose no decaemento da concentración de CO<sub>2</sub>, unha vez se conta con aire exterior, pódese establecer o tempo mínimo necesario e o tempo óptimo de ventilación.

Sobre a base desta guía Investigadores do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) e técnicos da Asociación Mesura elaboraron unha serie de documentos e unha Guía específica para os centros educativos na que abordan de xeito claro tres escenarios (interiores):

- Ventilación natural
- Ventilación mecánica ou forzada
- Filtrado HEPA ou purificación do aire

Esta guía conta, ademais, con diversos anexos como unha listaxe de posibles medidores de CO<sub>2</sub>, de ventiladores mecánicos e de purificadores. Tamén conta cunha sinxela folla de cálculo na que os centros, simplemente introducindo as medidas das aulas e a ocupación poden calcular o tempo de ventilación mínimo así como as necesidades de purificación de aire (no caso de contar con purificadores). Neste último caso é importante resaltar que este cálculo debe ser unicamente orientativo dado que a **instalación de filtros e purificadores nun contexto de pandemia vírica debe ser feito por profesionais con criterios sanitarios**. Os criterios xerais de calidade do aire non son suficientes neste caso como veremos máis adiante.

Con base nestas evidencias así como en outras guías e recomendacións sobre climatización e ventilación de diferentes organismos, a Consellería de Sanidade emitiu un informe que, con data 26 de outubro de 2020 foi presentado á Comisión de Xestión da Crise Sanitaria da Covid-19 para a súa consideración e toma de decisións materializado no documento de

Recomendacións sobre a ventilación en centros educativos no contexto da Covid.19 aprobado por resolución conxunta das consellerías competentes en materia de sanidade e educación.

O 18 de novembro de 2020 o Ministerio de Sanidade publica o documento técnico "Evaluación del riesgo de la transmisión de SARS-CoV-2 mediante aerosoles. Medidas de prevención y recomendaciones", no que se analiza toda a evidencia disponible e se establece que únicamente no caso de non poder conseguir a taxa de ventilación axeitada mediante ventilación natural ou mecánica, estaría recomendado o uso de purificadores de aire.

Con data 8 de febreiro de 2021, convolutamente entre os Ministerios de Sanidade e Educación públicase o documento "Medidas de prevención, higiene y promoción de la salud frente a Covid-19 para centros educativos en el curso 2020-2021", aprobado en Comisión de Saúde Pública o 04/02/21. Este documento establece pautas de ventilación totalmente coincidentes coas implantadas en Galicia en novembro, apuntando que "en situacions de alta transmisión comunitaria de SARS-CoV-2, débese valorar a priorización da ventilación natural pola súa efectividade na prevención da transmisión por riba de aspectos como as condicóns de temperatura e humidade necesarias pra o confort térmico e os requirimentos de eficiencia enerxética. Recolle expresamente que "únicamente se non é posible conseguir a ventilación axeitada mediante ventilación natural ou mecánica, poderían utilizarse filtros ou purificadores de aire (dotados con filtros HEPA). Así mesmo, establece que "**non se recomenda a compra xeneralizada de medidores de CO<sub>2</sub> polo centros educativos.** Cando existan dúbdas razonables sobre a eficacia da ventilación, pódese recorrer ao uso destes equipos realizando medicións puntuais ou periódicas que axuden a xerar coñecemento e experiencia sobre as prácticas de ventilación que garantan unha boa renovación de aire." (grosas no orixinal).

Tamén establece que "**polas razóns expostas non se considera necesario recomendar a adquisición xeneralizada de sistemas de filtración e purificación de aire para dotar a todos os centros educativos.** A aplicación das normas publicadas sobre ventilación natural ou forzada considérase que é suficiente para reducir ou eliminar o risco de transmisión na gran maioría dos casos" (grosas no orixinal).

Finalmente a "Orden comunicada de la ministra de sanidad , de 4 de junio de 2021, mediante la que se aprueba, en coordinación con la conferencia sectorial de educación, la declaración

de actuaciones coordinadas en Salud Pública frente al Covid.19 para centros educativos durante el curso 2021-2022", na que se establece, novamente a recomendación de ventilación natural cruzada frecuente, repartindo puntos de apertura, con especial atención á ventilación antes e despois das clases, nos recreos e garantindo unha boa ventilación nos corredores, coas medidas de prevención de accidentes necesarias.

## PROCESO DE DECISIÓN PARA A VENTILACIÓN

Establécese unha árbore de decisión que, de xeito moi claro, pauta a toma de decisión sobre as medidas a adoptar. É importante sinalar que **estas medidas deben ser secuenciais. Non pode tomarse unha sen esgotar as vías anteriores.** É dicir, non se pode ir cara á ventilación forzada ou á filtración de aire ata non garantir que se fixo todo o posible mediante ventilación natural e forzada (individual ou centralizada).


A ventilación natural é a opción de elección en interior e só no caso de que non sexa posible optarase por aplicar unha ventilación forzada ou purificación.

**Solución 1: Favorecer a actividade no exterior.** As actividades en exterior son sempre preferibles ao interior, incluído almorzo. En exteriores, o vento dilúe a concentración das partículas emitidas por unha persoa e arrástraas fóra da contorna. O uso de máscaras, o mantemento da distancia e as medidas de hixiene seguen sendo necesarias.

Deben priorizarse especialmente nos momentos de mellor climatoloxía. Estes momentos utilizaranse tamén para ventilar as aulas.

**Solución 2: Ventilación natural.** Se a actividade ten que ser en interior é preferible en aulas con posibilidade de ventilación natural, especialmente ventilación cruzada (xanelas e portas en lados opostos).

A solución consiste en aumentar a renovación de aire interior con aire exterior sen utilización de instrumentación, é dicir, abrindo xanelas e portas para provocar un fluxo de aire.



A ventilación cruzada, consistente na apertura de xanelas e portas en lados opostos da habitación, é máis efectiva que a apertura nun só lado e por tanto preferible. En moi poucas ocasións se alcanza a ventilación suficiente sen ventilación cruzada.

As condicións ambientais exteriores inflúen na ventilación efectiva. Para unha mesma configuración de xanelas e/ou portas, a ventilación pode variar, especialmente en días ventosos.

Pódense realizar medicións con diferentes configuracións de apertura de xanelas e/ou portas que axuden á toma de decisións.

Supoñendo que os 15 minutos ao inicio e posteriores ao remate de cada xornada (de mañá ou de tarde) e nos recreos, non sexan tempo suficiente, é preciso abrir as ventás e portas nos momentos nos que as aulas estean ocupadas, ben nos cambios de clase, ben durante o desenvolvemento das mesmas. Para saber canto tempo é necesario ter abertas as ventás (de xeito que se maximice o confort sen renunciar á seguridade) é preciso calcular a concentración de CO<sub>2</sub>. Cando se superan os 1000ppm débese proceder á ventilación ata acadar niveis de seguridade ou mesmo óptimos (entre 420 e 800ppm).

Isto equivale a entre 3 e 6 ACH, como xa se mencionou.

Dado que o CO<sub>2</sub> que se xera polas persoas é bastante estable, **non é preciso ter sempre un medidor de CO<sub>2</sub> na aula** e estar pendente dos resultados das medicións tanto para abrir como para pechar as ventás. Pódese calcular facilmente o tempo aproximado no que un grupo acadará a concentración de CO<sub>2</sub> límite e, do mesmo xeito, o tempo que tardará en volver á normalidade. Este cálculo pode verificarse cada certo tempo polo propio centro educativo con medidores de CO<sub>2</sub>, se conta con eles, ou por centros "sentinela" representativos que manteñan unha vixilancia constante e vaian axustando os tempos para o resto de centros de Galicia cos que comparten características.

**Solucións 3 e 4: Ventilación forzada.** Se a ventilación natural non é posible, poden utilizarse equipos extractores ou impulsores individuais cun caudal de aire adecuado. A solución consiste, polo tanto, en aumentar a renovación de aire interior con aire exterior utilizando instrumentación.

Cando se dispón de sistemas centralizados de ventilación forzada, a taxa de aire exterior débese incrementar e a recirculación débese reducir. Pode ser individual (os típicos extractores nas ventás) ou centralizada. Estes sistemas extraen o aire interior e expúlsano cara ao exterior á vez que introducen aire fresco no sistema.

Hai que ter especial coidado cos sistemas nos que existe un movemento de aire forzado. Non vale calquera instalación nin en calquera lugar. Cando contamos cunha soa toma (ou moi poucas tomas) que recollan o aire interior e unha ou poucas tomas que metan aire exterior, vaise crear unha corrente de aire que transporta os aerosois (e polo tanto os virus) desde a persoa infectada a todas as demais no camiño dese aire cara ao exterior. Independentemente de que o aire acondicionado non se atope en modo de recirculación e tome aire exterior, a corrente que se crea leva o virus do Doente 0 a todos os que están logo del no fluxo de aire.

Sinálase, en calquera caso, que o modo de recirculación de aire está expresamente prohibido polo protocolo pero será abordado en máis detalle no seguinte apartado.

Cuestión distinta é a utilización do vento ou correntes de aire para acelerar o proceso natural de renovación do aire e optimizando ditas correntes, pode obterse unha solución intermedia entre a ventilación natural e a forzada, mantendo as vantaxes da primeira sobre a segunda.

**Solución 5: Purificación.** Esta solución é o último recurso e debe utilizarse só cando o resto non son viables ou resultan insuficientes. A solución consiste en utilizar un purificador para eliminar as partículas susceptibles de conter virus do aire interior. A purificación de aire pode ser unha solución en caso de estancias sen ventás practicables ou cando os ocos practicables non son suficientes.

En primeiro lugar debemos considerar a **capacidade de filtración**. O caudal de aire limpo proporcionado polos equipos comerciais exprésase como CADR, do inglés Clean Air Delivery Rate, e normalmente ven dado en  $m^3/h$ . Para coñecer que CADR debemos ter nunha aula mediante purificador e debemos multiplicar o  $ACH \times volume\ da\ aula$ . Así para unha aula media de instituto de  $7mx9mx3m$  ( $189m^3$ ) cun mínimo de 3 ACH, precisamos cando menos un CADR de  $567m^3/h$ . Por seguridade deberíamos ampliar a 4 ou 5 ACH e mesmo chegar a 6 ACH, que é o ideal. Nese caso necesitaríase un CADR de ata  $1134m^3/h$ .

Como referencia pode apuntarse que a maioría dos purificadores comerciais (non industriais) teñen un CADR de aproximadamente 300m<sup>3</sup>/h.

En segundo lugar debemos considerar, igualmente, a **uestión do fluxo de aire** mencionada no caso anterior. Os purificadores non se poden situar en calquera lugar da aula. A disposición ideal é que xere correntes verticais e nas que o aire sen filtrar non pase directamente por outras persoas. Esta disposición non é posible nunha aula polo que deberían situarse tras un coidado estudo das correntes xeradas para evitar que estas pasen por alumnado no seu camiño aos purificadores o que non é sinxelo en aulas nas que non hai grandes espazos baleiros.

En terceiro lugar débese considerar a **uestión do ruído**. Os purificadores con maior CADR tenden a ser más ruidosos polo que obrigan a subir a voz. A maior volume de voz maior cantidade de aerosois e maior risco de contaxio.

Finalmente débese sinalar que hai outras cuestións a ter en conta como que os filtros que realmente son capaces de capturar o SARS-CoV-2 son os que presentan máis dificultades para ser cambiados (operación que debe facerse con regularidade) polas medidas de seguridade a adoptar neste proceso.

A solución final pode ser unha combinación de opcións, por exemplo pódese combinar ventilación natural e purificación. Para avaliar se unha configuración dada é suficiente pódense utilizar métodos baseados en medidas de CO<sub>2</sub>. En calquera caso o uso, sempre extraordinario, de ventilación forzada ou de purificación de aire precisa do correspondente estudio técnico especializado pertinente, solicitado polo centro educativo a través da Unidade Técnica da Xefatura Territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e autorizado en coordinación coas directrices da autoridade sanitaria.

O uso de máscaras, o mantemento da distancia e as medidas de hixiene seguen sendo necesarias en todas as solucións.

## INDICACIÓNES ESPECÍFICAS PARA PREVIR A PROPAGACIÓN DO CORONAVIRUS SARS-COV-2

- Fornecer tanto aire exterior como sexa razoablemente posible.

- A ventilación natural é a opción recomendada e só no caso de que non sexa posible optarase por implementar unha ventilación forzada e/ou purificación de aire.
- As portas da clase deberán permanecer abertas, así como as ventás e portas dos corredores para facilitar a renovación constante de aire nas aulas.
- Ventilar cando menos 15 minutos ao inicio e ao remate da xornada (de mañá ou de tarde), 5 minutos entre clase e clase, e durante a totalidade dos recreos.
- No caso de temperaturas extremas invernais é mellor realizar maior número de ventilacións de menor tempo en lugar de ter as ventás parcialmente abertas. Abrir parcialmente as ventás non facilita significativamente a renovación de aire pero baixa a temperatura e diminúe o confort. É máis eficiente abrir todas as ventás durante 2 a 5 minutos cada 15/20 minutos.
- No caso de dispoñer de sistemas de ventilación forzada centralizada, manter a ventilación acesa as 24 horas, os 7 días da semana, con taxas de ventilación reducidas (pero non apagadas) cando as persoas están ausentes.
- Non usar a recirculación do aire interior.
- Non se recomenda o uso de ozono e lámpadas UV para a desinfección en aire acondicionado.
- Non se recomenda a compra de medidores de CO<sub>2</sub> por parte dos centros educativos que, en calquera caso, deben ser manexados por persoal competente. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade conta cunha rede sentinela que verifica que a implementación destas medidas de ventilación resulta nunha ventilación correcta e axeitada.
- Se fose necesario utilizar un purificador de aire portátil, como último recurso, este debe ter polo menos eficiencia de filtro HEPA e recoméndase situar o dispositivo preto da zona de respiración (onde estean os alumnos). Os filtros HEPA deberán ter unha filtración altamente eficiente do aire, con capacidade de reter aerosois en porcentaxes superiores ao 99,95%, segundo a norma UNE1822. Todo isto sometido a contar co informe técnico pertinente, solicitado polo centro educativo a través da Unidade Técnica da Xefatura Territorial correspondente da Consellería de Cultura,

Educación e Universidade e autorizado en coordinación coas directrices da autoridade sanitaria.

## Conclusións

- O método de elección para a ventilación das aulas será a ventilación natural de acordo coas recomendacións do apartado anterior.
- No caso de non ser posible a ventilación natural, poderanse utilizar equipos extractores ou impulsores individuais cun caudal de aire adecuado de acordo coa valoración dun técnico competente.
- Naqueles casos nos que non sexa posible aplicar os métodos anteriores, e de xeito totalmente excepcional, poderán utilizarse os purificadores con filtros HEPA. A súa utilización require dun informe técnico especializado (especialmente para realizar o estudo oportuno sobre as características das aulas, o volume do aire, a ocupación, etc) solicitado polo centro educativo a través da Unidade Técnica da Xefatura Territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e autorizado en coordinación coas directrices da autoridade sanitaria.

## ANEXO IX Anexo de atención á diversidade no contexto da Covid-19

Con carácter xeral, no caso da atención á diversidade, mantéñense as catro medidas fundamentais na prevención do coronavirus: uso de máscara de protección (de forma obligatoria en maiores de 6 anos sempre que a toleren), incremento da hixiene de mans ata un mínimo de 5 veces ao día, manter a distancia física establecida de forma xenérica, e potenciación da ventilación dos espazos pechados.

Especificamente neste colectivo, destacamos as seguintes medidas específicas de prevención da transmisión da Covid-19:

- 2.1 O/a alumno/a con necesidades especiais utilizará máscara cirúrxica ou hixiénica, que cumpra coa normativa UNE 0064 (para as dun só uso) ou UNE 0065 (para as reutilizables), sempre que teña unha idade superior a 6 anos e recomendada para alumnado entre os 3 e 6 anos. Neste colectivo, será necesario verificar a tolerancia do neno ou da nena á máscara. Se non fose posible a súa utilización, prescindirase do uso da máscara por parte do/a neno/a e manterase un cumprimento estrito da distancia de seguridade.
- 2.2 Naqueles casos nos que o alumno/a poida facer uso de máscara e nos que non sexa posible que os profesionais de interveñan con el gardan a distancia de seguridade para as diferentes actuacións precisas (aseo, outros apoios á autonomía persoal, atención de audición e linguaxe, etc), mantendo a máxima distancia posible, de como mínimo 1,5 metros. Ademais intensificaranse o resto de medidas de hixiene como o lavado de mans e a ventilación.
- 2.3 Nos restantes casos a distancia recomendada será de 1,5 metros, podéndose diminuir a 1,2 metros. Se non se puidese manter esta distancia e esta tivese que ser reducida, complementaríase coa utilización de mamparas de separación entre os escritorios.
- 2.4 No caso de que o alumnado non faga uso de pupitres senón doutros elementos educativos (colchonetas, elementos de estimulación sensorial, etc) procederá a ventilación posterior da sala e limpeza con solución dos virucidas aprobados polo Ministerio das superficies utilizadas

- 2.5 Con carácter xeral e por motivos de inclusión, o ACNEE formará o grupo de convivencia estable coa aula á que pertence. Nos caso de alumnado en escolaridade combinada o alumnado formará grupo de convivencia estable coas aulas ás que lle correspondan tanto nun mesmo centro como en centros diferentes.
- 2.6 Tanto nos Centros Específicos de Educación Especial ou nas Unidades de Educación Especial en Centros Ordinarios, será posible que se constitúan grupos colaborativos dentro dos grupos de convivencia estable cando o número de alumnos/as por aula sexa superior a 5. Non obstante, naquelas aulas de centros de educación especial ou unidades de educación especial en centros ordinarios cun número de alumnos/as entre 5 e 10 poderá establecerse un único grupo colaborativo que funcionará como grupo de convivencia estable.
- 2.7 Garantírase a accesibilidade comunicativa e cognitiva da información relevante para o alumnado mediante a utilización dos Sistemas Aumentativos e Alternativos de Comunicación, e das modalidades comunicativas que utilice o alumnado. A tal fin poderá dispoñerse cartelería con pictogramas Así como a adaptación de información e recomendacións a modalidades accesibles como, por exemplo, lectura fácil.
- 2.8 Aconsellase que ao inicio do curso o alumnado con necesidades educativas especiais dispoña dun **documento de adaptación específico de medidas de seguridade**. Este documento será elaborado polo Departamento de Orientación do centro educativo en colaboración co/a pediatra de referencia do/a alumno/a. Este documento formará parte do Plan de Atención Individualizado previsto no Protocolo de Atención Educativa a Urxencias Sanitarias e Enfermidade Crónica,
- 2.9 O alumnado con necesidades especiais terá prioridade nas entradas e saídas do centro educativo. Cando sexa necesario, o/a alumno/a será acompañado por persoal do centro educativo.
- 2.10 Estableceranse pautas específicas diferenciadas e coerentes coas implantadas en centros asistenciais para o alumnado que faga uso das residencias escolares de centros de educación especial en réxime de internado.

- 2.11 Nas sesións de Audición e Linguaxe farase uso de máscaras transparentes, hixiene de mans e ventilación do espazos dun mínimo de 5 minutos tras cada sesión.
- 2.12 Extremaranse as medidas de hixiene nos comedores escolares, especialmente por parte do persoal que atende ao alumnado sen autonomía na alimentación.
- 2.13 Prestarase especial atención á hixienización dos agarres das cadeiras de rodas, que poden ser manipulados por diferentes persoas no centro.
- 2.14 O uso de vasos terapéuticos (piscinas de uso terapéutico) e as sesións de fisioterapia nos centros de educación especial seguirán as recomendacións sectoriais previstas.
- 2.15 No caso de alumnado en modalidade de escolarización combinada recoméndase que os días de permanencia en cada centro sexan continuados para facilitar a trazabilidade epidemiolóxica.
- 2.16 Ante unha persoa que desenvolva síntomas compatibles con Covid-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:
- 16.1 Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo do COVID-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.
- 16.2 A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
- 2.1 Obrigatoriedade de utilización de máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
- 2.2 De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras KN95,

poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

16.3 Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.

O centro deberá dispoñer dun stock deste material de protección para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

## DOCUMENTO DE ADAPTACIÓN ESPECÍFICO DE MEDIDAS DE SEGURIDADE

Este documento non debe entenderse circunscrito ao ámbito estrito das NEE senón que a súa aplicación subsidiaria é procedente en todos aqueles casos de atención á diversidade (no sentido declarado no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación) nos que sexa precisa unha adaptación das medidas de seguridade previstas con carácter xeral no Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 e no Plan de Continxencia do centro. Así pois este documento de adaptación poderá elaborarse cando sexa necesario por:

- Necesidades Educativas Especiais
- Necesidades Específicas de Apoyo Educativo
- Outras situacions de atención á diversidade derivadas de situacions persoais, sociais ou circunstanciais calquera que sexa a súa orixe ou duración, derive ou non dunha enfermidade ou condición crónica, sempre que non sexa unha situación puntual e limitada

Este documento debe entenderse sempre como revisable para adaptalo ás situacions cambiantes así como a calquera modificación na normativa ou nos protocolos xerais así como á situación epidemiolóxica local. Poderá ser, por tanto, revisado a instancia de calquera das partes asinantes.

Para dar resposta a estas necesidades deberá terse en conta que:

- Si o/a alumno/a conta xa cun Plan de Atención Individualizado por presentar unha enfermidade ou condición crónica, este debe ser ampliado cos documentos que se precisen dentro dos propostos como modelo.
- Si o/a alumno/a non conta con este Plan de Atención Individualizado elaborarase un que inclúa tantos documentos como sexan precisos, dos propostos neste modelo.

En todo caso faranse constar os seguintes aspectos cando procedan **e non estean recollidos nos protocolos con carácter xeral**:

- Exención do uso da máscara, de ser o caso. Poderán graduarse diferentes medidas, desde desaconsellar drasticamente o seu uso, ata a exención da obligatoriedade pero con recomendación de adestramento progresivo para a súa tolerancia.
- Sintomatoloxía diferencial, con respecto aos síntomas de alerta específicos que pode presentar o/a alumno/a no caso de Covid-19. Estratexias de adaptación da enquisa de autoavaliação á casuística concreta do/a alumno/a
- Situacións de risco especial nas que é preciso extremar as medidas de atención e seguridade, se fose o caso, e que medidas adoptar
- Atención á necesidades específicas propias da condición que presenta, tales como a necesidade de poder moverse con certa periodicidade no caso de alumnado que ademais presente TDAH, ou de poder realizarse as glicemias/inxerir algúns alimentos na clase o alumnado con diabetes.

Para a elaboración deste documento o departamento de orientación completará un borrador previo, no que consten as diferentes cuestións educativas que o centro considera importante abordar en relación á prevención e abordaxe da Covid-19 no caso particular deste/a alumno/a de xeito claro, directo e operativo. A función deste documento non é substituír aos diferentes informes tanto educativos como sanitarios que xa obran en poder do centro, senón concretar aspectos operativos concretos na xestión das medidas de seguridade e adaptación do centro á Covid-19 para o caso concreto do/a alumno/a.

Este borrador será trasladado ao profesional (pediatría, médico/a de atención primaria, especialista...) sanitario que corresponda, que o completará coas particularidades sanitarias que procedan, inicialmente a través da familia.

Finalmente o Departamento de Orientación consolidará, se fose preciso, a información baseada no principio de minimización de datos, que estará a disposición do profesorado que imparte docencia ao alumno/a e do Equipo Covid do centro.

Os informes médicos e outra documentación de alto nivel de protección á que se puidera ter acceso durante este proceso, será custodiada segundo o establecido no protocolo de protección de datos.

**DOCUMENTO DE ADAPTACIÓN ESPECÍFICO DE MEDIDAS DE SEGURIDADE E OUTRAS RECOMENDACIÓNSEN PARA A INTERVENCIÓN NA COVID\_19 (1)**

IMPORTANTE: O PRESENTE DOCUMENTO REVISARASE COA FRECUENCIA QUE MARQUEN AS NECESIDADES DO ALUMNADO E A REALIDADE SOCIO-SANITARIA MARCADA POLA COVID-19

**DATOS DO/A ALUMNO/A**

Nome	Primeiro apellido	Segundo apellido	Data de nacemento
Curso actual	Escolarización combinada co centro		Idade
Nivel de risco (Anexo XI) (NR1/NR2/NR3)			

**DATOS DO/A FACULTATIVO/A SANITARIO/A**

Nome	
Centro de saúde	Teléfono
Horario de Contacto	
Correo electrónico	

**DATOS DO/A ORIENTADOR/A**

Nome	
Centro educativo	Teléfono
Horario de Contacto	
Correo electrónico	

**RESUMO DOS PRINCIPAIS ASPECTOS EDUCATIVOS A TER EN CONTA PARA DEFINIR AS MEDIDAS DE SEGURIDADE:**

(A cubrir polo/a orientador/a)

--

**SINTOMATOLOXÍA DIFERENCIAL  
(A cubrir polo servizos sanitarios)**

**SINTOMATOLOXÍA DIFERENCIAL QUE PODE PRESENTAR O/A ALUMNO/A NO CASO DE COVID-19**

--

**OUTRAS SITUACIÓNS ESPECIAIS DE RISCO QUE PODEN SER SEMELLANTES A**

### **SINTOMATOLOXÍA COVID**

- Por exemplo, se a fatiga e a somnolencia pode débese á medicación que está a tomar, etc.

### **ELEMENTOS A ADAPTAR DA ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN Á CASUÍSTICA CONCRETA DO/A ALUMNO/A**

(1) O presente DOCUMENTO DE ADAPTACIÓN ESPECÍFICO DE MEDIDAS DE SEGURIDADE enmarcado no *"Protocolo de prevención da transmisión da COVID-19 no alumnado con necesidades educativas especiais para o ámbito educativo (versión 16/09/2020)"* será de aplicación para o alumnado con calquera tipo de necesidade de atención á diversidade, xa proveña de NEAE ou calquera tipo de situación sobrevida.

#### **PROPOSTA DE MEDIDAS DE PROTECCIÓN E SEGURIDADE DO/A ALUMNO/A NO CENTRO EDUCATIVO:**

**-(A cubrir polo centro educativo e servizos sanitarios)** Sinale só os apartados que precise o/a alumno/a:

#### **A) HIXIÉNICAS E DE PROTECCIÓN**

<b>Condicións/Recomendacións Aspectos a ter en conta</b>		<b>Centro Educativo</b>	<b>Servizos sanitarios</b>
	Uso da máscara		
	Pantalla de seguridade na intervención		
	Aplicación de xeles desinfectantes		
	Distancia física		
	Ventilación		

#### **B) OUTRAS MEDIDAS SEGUNDO A SITUACIÓN DE RISCO DO ALUMNO/A**

<b>Aspectos a ter en conta</b>		<b>Centro Educativo</b>	<b>Servizos sanitarios</b>
	Interacción social		
	Interacción na aula		
	Desprazamentos		
	Accións ante as barreiras de		

	accesibilidade e comunicación		
	Alimentación en horas de clase/realización de Glicemias		
	Outras consideracións		

**C) MEDIDAS DE PROTECCIÓN PARA PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE**

EMPREGO DE EQUIPO DE PROTECCIÓN	
	Tipo de máscara
	Bata de protección
	Pantalla de protección
	Guantes
	Outras medidas

En ..... , a ..... de ..... de 202.....

**SINATURAS DE CONFORMIDADE:**

O/A FACULTATIVO/A SANITARIO/A	O/A ORIENTADOR/A	PROXENITORES/TITORES LEGAIS

## CONSENTIMENTO PARA A CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

**SI/NON** (*risque o que non proceda*) autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e ao Servizo Galego de Saúde (Sergas) que actuarán basicamente a través do centro educativo no que se atopa matriculado o/a menor (NOME DO CENTRO EDUCATIVO) e dos equipos e do persoal asignados á atención sanitaria que proceda, para que se cedan reciprocamente os datos que fosen recollidos por cada unha destas entidades no exercicio das funcións que teñen encomendadas e no ámbito das súas respectivas competencias que se refiran a (NOME DO ALUMNADO), de quen posúo a representación/titoría legal. A cesión autorízase coa finalidade de garantir a plena inclusión educativa baixo o principio de normalización e atención integral que permite o benestar tanto físico como psicosomático e emocional tanto desde a función educativa e orientadora coma desde a atención á saúde desde a perspectiva comunitaria no contexto da emerxencia sanitaria derivada da Covid-19. En todo caso, garantirse a salvagarda do interese superior do menor, tal e como se establece na normativa vixente e preservando as situacións de risco e urxencia vital.

En caso de non autorizar a devandita cesión de datos recíproca, responsabilízome de dar traslado de toda a información á que se refire o apartado anterior segundo os criterios técnicos establecidos pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade e polo SERGAS.

**SI/NON** (*risque o que non proceda*) Autorizo a consulta e coñecemento do persoal docente e non docente do centro dos datos recollidos no Documento de Adaptación Específico de Medidas de Seguridade que sexan necesarios para manter o control hixiénico-sanitario e epidemiolóxico no marco da emerxencia sanitaria no centro educativo.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento, así como para informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento, todo iso de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou de xeito presencial nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

....., ..... de ..... de .....

Asdo.....

## CONSIDERACIÓN SOBRE O USO DA MÁSCARA

O uso da máscara como método de barreira para limitar a transmisibilidade do Coronavirus causante da síndrome respiratoria aguda grave (en diante SARS-CoV-2) aparece regulado inicialmente no Boletín oficial do estado numero 142 m. de 20/05/2020, en cuxo artigo 2 establece que os maiores de 6 anos están obligados ao seu uso, limitando a súa aplicación a:

- a) Persoas que presenten algún tipo de dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso de máscara.
- b) Persoas nas que o uso de máscara resulte contraindicado por motivos de saúde debidamente xustificados, ou que pola súa situación de discapacidade ou dependencia presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.
- c) Desenvolvemento de actividades nas que, pola propia natureza destas, resulte incompatible o uso da máscara.
- d) Causa de forza maior ou situación de necesidade.

O ámbito de aplicación desta medida foi variando en función da situación epidemiolóxica, aínda que os colectivos obligados ao seu uso permaneceron invariables desde a súa primeira publicación. No caso concreto que nos ocupa, por tanto, debemos definir que situacóns concretas apuntadas nos puntos a, b e d poderían xustificar a exención de uso da mesma.

En relación co apartado "a" cabe destacar que suscitou moito debate na comunidade científica, de maneira que na actualidade non están definidas que enfermedades respiratorias crónicas poderían (se é que as hai) xustificar a exención da obligatoriedade do uso de máscara.

Os apartados clave son, por tanto, aqueles que fan referencia á contraindicación de uso (apartado b) e a causa de forza maior ou necesidade (apartado d). En relación co primeiro, e os nenos con enfermedades crónicas que sufren unha agudización grave, cabe contemplar diferentes escenarios:

- 1 Patoloxías incluídas no programa alerta escolar (pacientes coñecidos pola comunidade educativa):
  - 1.1 Diabetes mellitus (DM): No caso de que un paciente con DM teña síntomas de hipoglicemia, debe permitírselle a retirada da máscara para que poida

alimentarse e evitar unha hipoglicemia severa. Para iso sería razonable manter as medidas de seguridade pertinentes (distancia física e de ser necesario lavado de mans pre e post).

- 1.2 Agudización grave asma bronquial: De forma crónica non se estimou este diagnóstico como unha xustificación xenérica para non utilizar a máscara, con todo no moi improbable caso de que un neno presente dificultade respiratoria severa, habería que actuar como en calquera outra situación, activar o Sistema de Emerxencias e seguir as súas instrucións. Se o paciente estivese en posesión da súa cámara espazadora e dispositivo MDI para administrar salbutamol, poderíase contemplar administrar o mesmo seguindo o protocolo establecido cando se incluíu ao neno en alerta escolar ou as instrucións que facilite o médico da Central de Coordinación Urxencias Sanitarias de Galicia 061.
- 1.3 Crises convulsivas: Non debería actuarse de forma distinta a como se actuaba antes da pandemia derivada da Covid-19.
- 2 Situación de discapacidade ou dependencia: Resulta moi difícil establecer en que situacións os/as nenos/as que se poden incluír neste apartado poderían ser eximidos do uso de máscara. En relación con este apartado merecería facerse énfase nos nenos e nas nenas con Trastornos do Espectro Autista que poderían tolerar difficilmente a máscara ou outros con outros trastornos xeneralizados do desenvolvemento que puidesen presentar limitacións á súa tolerancia. En calquera caso nestas situacións a solución más razonable parecería establecer un diálogo coa familia e coñecer a tolerancia do neno no seu ámbito familiar, antes de determinar por defecto a exención do seu uso. En todo caso, ao non estar o uso da máscara contraindicado por ningún tipo de enfermidade, o proceso de aprendizaxe de utilización e tolerancia da mesma formará parte do programa de traballo do/a alumno/a, así como a utilización, si é posible, doutras barreiras de defensa fronte a Covid-19 tales como pantallas, etc.
- 3 Causas de forza maior ou situación de necesidade: Este apartado no contexto destas recomendacións faría referencia a situacións nas que por accidente, enfermidade grave, ou situación aguda intercurrente (vómitos, por exemplo), o/a menor non poida fazer uso da máscara, nesta situación a mellor recomendación é seguir o sentido común.

En liñas xerais, a mellor recomendación sería asegurase que:

- 1 Cos/as menores con enfermidades crónicas xa coñecidas que padecen algunha agudización grave, á marxe de activar o Sistema de Emerxencias, realíicense todas as medidas definidas no informe de inclusión en alerta escolar.
- 2 Cos/as menores sen incluír en alerta escolar pero con patoloxía crónica, especialmente aqueles en situación de dependencia, establecer de forma individual a súa tolerancia á máscara (diálogo esencial coas familias)
- 3 En situacóns de forza maior actuar priorizando a seguridade do/a paciente seguindo os consellos do Sistema de Emerxencias.

#### DIAGRAMA DE FLUXO

1.-Reunión de responsables para a selección alumnado + cubrir Documento

2.- Xefatura do DO - Contacto con familias :


- Constancia de entrega de documento ás familias
- Sinatura protección de datos

3.- Familia - contacto facultativo/a sanitario/a do/a alumno/a . Cubrir documento coas recomendacións pertinentes

4.- Entrega por parte da familia do Documento de Adaptación Específico de Medidas de Seguridade ao Departamento de Orientación. Comunicación ao Equipo Covid.

5.- Comunicación do Documento de Adaptación Específico de Medidas de Seguridade ao equipo docente/ non docente por parte do Equipo Covid.

**DIAGRAMA DE FLUXO:**  
(esquema do procedemento)



## ANEXO X Medidas de protección individual

No ámbito da comunidade educativa as máscaras que se utilizarán serán as mesmas que no ámbito comunitario. Estas serán as máscaras hixiénicas que cumpran a normas UNE 0065 (reutilizables) ou UNE 0064 (desbotables), ou as máscaras cirúrxicas cando así se determine. As máscaras hixiénicas deberán cumplir a CSM/115/2021.

De acordo co establecido polo ministerio de sanidade na súa Guía de preguntas e respuestas sobre a volta ao cole (02/10/2020) recoméndase a utilización de máscaras hixiénicas reutilizables, xa que posibilitan unha axeitada protección e unha mellor respirabilidade, ademais de ser unha opción máis sostible. Só en poboación con condicións de saúde de especial vulnerabilidade para a Covid-19 se pode propoñer a posibilidade de utilizar máscara hixiénica ou máscara cirúrxica. Este é o caso que afecta ao uso de máscaras no espazo de illamento COVID.

Por tanto e de acordo coas recomendacións do Ministerio de Consumo na súa Guía. Que debes ter en conta ao mercar unha máscara? As persoas sas utilizarán preferentemente máscaras hixiénicas. As persoas sintomáticas ou asintomáticas positivas deben elixir con prioridade máscaras cirúrxicas. O alumnado san a partir de 3 anos (a partir dos 6 anos con carácter obligatorio) debe usar máscaras hixiénicas acordes a cada rango de idade.

Os nenos e as nenas positivos/as por Covid-19 deben usar preferentemente máscaras cirúrxicas ou hixiénicas con especificación UNE. No caso de poboación vulnerable recoméndase usar o tipo de máscara segundo indicación médica.

As máscaras son só un medio complementario de protección e actúan en conxunto co resto de medidas preventivas pautadas polas autoridades sanitarias.

De acordo con estas pautas calquera mención ou referencia a máscaras no Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021, ou nos diversos protocolos auxiliares e addendas, incluídas as referencias a máscaras transparentes, entenderase referida a máscaras hixiénicas (preferentemente reutilizables), salvo que expresamente se indique que estas serán cirúrxicas ou EPI, facéndose constar neste último caso a tipoloxía concreta referida (FFP1, FFP2 ou FFP3). As

máscaras con válvulas exhalatorias están prohibidas en Galicia no DOG nº 126, por Resolución do 25 de xuño de 2020 da Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade.

No documento que segue, titulado INFORMACIÓN SOBRE CARACTERÍSTICAS E NORMATIVA DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL atópase recollida á información pormenorizada sobre as características e normativa de equipos de protección individual de aplicación segundo o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022.

## INFORMACIÓN SOBRE CARACTERÍSTICAS E NORMATIVA DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

### 1.- MÁSCARAS

Podemos distinguir os seguintes tipos de máscaras segundo a súa finalidade:

1. Equipos de protección individual (EPI)
2. Produto Sanitario (PS)
3. Máscaras hixiénicas

#### ➤ As máscaras hixiénicas

Considéranse produtos necesarios para a protección da saúde poboacional e son imprescindibles para minimizar o risco da propagación do COVID-19 entre as persoas. Non son produtos sanitarios nin EPI pero deben contemplar para a súa comercialización uns requisitos mínimos descritos no apartado cuarto e quinto da Orde SND/354/2020. Pódese obter máis información no apartado correspondente das Guías para a fabricación de máscaras e roupa de protección publicadas polo Ministerio de Industria Comercio e Turismo.

Trátase de produtos que non requieren autorización previa para a súa comercialización, pero iso non implica que todo valla. En función do uso previsto, deben cumplir unha normativa e segundo o tipo de máscara, deberá contar cunha certificación por un terceiro (Organismos Notificados). En todo caso, o fabricante e/ou importador, asumen a responsabilidade do seu producto e a conformidade deste coa normativa que lle resulte de aplicación.

Nestas máscaras hixiénicas recoméndase que cumpran coa normativa UNE 0065.

No resto de máscaras, e tal como se expón no documento elaborado pola Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, podemos establecer asas seguintes diferenzas:

#### ➤ Máscara considerada equipo de protección individual (EPI)



Trátase de produtos coa finalidade de protexer da inhalación de partículas tóxicas ou patóxenos á persoa que o utiliza. Regúlanse pola normativa dos equipos de protección individual (Regulamento UE 2016/425), que á súa vez nos remite á norma técnica harmonizada UNE-EN 149:2001+A1:2010, onde se detallan os seus tipos e os seus requisitos que hai que cumplir.

Contémanse tres tipos: FFP1 (baixa eficacia), FFP2 (media eficacia) ou FFP3 (alta eficacia), que poden levar válvulas de inhalación e/ou exhalación. Hainas dun só uso ou reutilizables.

Esta clasificación baseada en graos de eficacia establecése a partir dos resultados dos ensaios de conformidade efectuados coa norma UNE-EN 149:2001+A1:2010. Para facerse unha idea, os ensaios que hai que valorar contemplan, entre outros, os seguintes parámetros:

- Fuga de partículas cara ao interior:** os ensaios realizanse para comprobar o grao de protección que lles outorgan aos usuarios; miden as fugas polo axuste de cara, fuga pola válvula de exhalación se existe e penetración a través do filtro.
- Compatibilidade coa pel:** compróbase a irritación ou calquera outro efecto adverso que poida provocar o material da máscara.
- Inflamabilidade:** as máscaras non deben ser altamente inflamables e non deben continuar queimándose pasados 5 segundos tras apartarse da lapa. Contido de dióxido de carbono: o contido de CO<sub>2</sub> no espazo libre entre a cara e a máscara tras inhalación, non debe ser maior do 1% de medio en volume.
- Ensaio de obstrucción:** é obligatorio para as máscaras reutilizables e opcional para o resto. Mídese a obstrución provocada na máscara tras a exposición a un aerosol de partículas estandarizado (con dolomita). Iso tamén implica facer un ensaio de resistencia á respiración, que non debe ser superior aos rangos establecidos para cada tipo de máscara.
- Ensaio de axuste:** a peza facial é hermética e debe facerse un ensaio de verificación do axuste.

Cabe destacar que este tipo de máscaras, cando teñen válvula de exhalación non deberían ser utilizadas por persoas infectadas polo COVID-19, dado que o aire exhalado sería emitido sen ningún tipo de retención e favorécese a difusión do virus.

#### Sobre o etiquetado e a identificación

As máscaras EPI descritas deben estar identificadas individualmente da seguinte maneira:

10. Nome ou marca rexistrada ou outros medios de identificación do fabricante ou subministrador.
11. O tipo de máscara: FFP1, FFP2, FFP3
12. Ao lado do tipo, as letras seguintes segundo corresponda:
13. NR: cando é de tipo non reutilizable
14. R: cando é reutilizable
15. D: indica que foi sometida ao ensaio de obstrucción (con dolomita)
16. Referencia á norma harmonizada aplicada: UNE-EN 149:2001+A1:2010

Marcado CE seguido do nº do Organismo Notificado encargado da certificación do produto.

➤ **Máscara considerada produto sanitario (PS)**

Máis coñecidas como máscaras cirúrxicas, a súa principal utilidade é protexer a comunidade das infeccións que poidan ser transmitidas polo portador da máscara. Ocasionalmente pode protexer fronte a salpicaduras de líquidos contaminados. En situacións epidémicas son apropiadas para reducir o risco de propagación da infección por aquelas persoas con capacidade de contaxiar. A peza facial non é hermética.

A normativa que lles resulta de aplicación é a de produtos sanitarios:

17. Directiva 93/42/CE Relativa aos produtos sanitarios
18. A partir do 26 de maio de 2020, o Regulamento 2017/745 Relativo aos produtos sanitarios

Segundo esta normativa, as máscaras cirúrxicas son un producto sanitario da clase I, considerados de menor risco de acordo coa súa finalidade prevista. Iso quere dicir que o fabricante (ou o seu representante autorizado na UE), deberá levar a cabo unha Declaración UE de conformidade do seu producto e non é necesaria a intervención de ningún organismo notificado que certifique o producto. Non obstante, a normativa dirixe o fabricante a respectar os requisitos técnicos descritos na norma UNE-EN 14683:2019 AC nos seus produtos.

Segundo esta norma, as máscaras clasifícanse de acordo coa súa eficacia de filtración bacteriana en Tipo I e Tipo II. As de tipo II subdividense en función da súa resistencia ou non ás salpicaduras: as de tipo IIR son resistentes ás salpicaduras.

A norma UNE-EN 14683:2019 AC indica os seguintes ensaios que hai que realizar para este tipo de máscaras:

19. Respirabilidade: o obxectivo é medir a diferenza de presión necesaria para facer pasar aire a través da máscara.

20. Resistencia ás salpicaduras: mide a resistencia á penetración de salpicaduras de líquido; sería aplicable para as de Tipo IIR.

21. Limpeza microbiana (carga biolóxica): para a súa determinación utilizase á súa vez a norma EN ISO 11737-1:2018, onde se dan recomendacións para medir os microorganismos viables no exterior ou interior dun produto sanitario.

22. Biocompatibilidade: remítense para iso á norma EN ISO 10993-1:2009, co fin de determinar o ensaio toxicolóxico aplicable.

A norma UNE-EN 14683:2019 AC indica os requisitos que hai que cumplir por cada un dos tipos de máscara:

Ensaio	Tipo I	Tipo II	Tipo IIR
Eficacia de filtración bacteriana	≥95	≥98	≥98
Presión diferencial (pascal/cm <sup>2</sup> )	<40	<60	<60
Presión de resistencia ás salpicaduras Kpa	-	-	≥16
Limpeza microbiana (ufc/g)	≤30	≤30	≤30

Segundo nos indica a propia norma, as máscaras de tipo I non están previstas para a súa utilización por profesionais sanitarios nun ambiente de quirófano ou contorna médica con requisitos similares. Do mesmo xeito, é posible que en determinados ambientes cirúrxicos sexa máis apropiado o uso de máscaras EPI ou dispositivos duais, que cumpren as dúas normativas (proteger e protexerse).

#### Sobre el etiquetado y la identificación

O etiquetado e información que deben subministrar estas máscaras debe incluír unha referencia á norma internacional que tomaron como referencia (UNE-EN 14683:2019 AC) xunto coa indicación do tipo de máscara

➤ **Máscaras de uso dual: EPI e PS**

Trátase de máscaras que cumplen cos estándares e requisitos tanto dos EPI como de produtos sanitarios. Cumpren con ambas normativas que lles resultan de aplicación e coas normas harmonizadas correspondentes para ambos tipos de producto. Cumprirían co principio de protexer e protexerse.

Na súa etiquetaxe deberá incluirse a información descrita anteriormente para cada tipo de máscara, tendo en conta que parte da etiquetaxe e información é común. Deberase indicar o seguinte:

- 23.Normas harmonizadas que cumplen (UNE-EN 14683:2019 AC, UNE-EN 149:2001+A1:2010),
- 24.Indicarán o tipo de máscara: FFP1, FFP2, FFP3; Tipo I, II, IIR,
- 25.Leverán un marcado CE con indicación do organismo notificado que participou na certificación.

**Situación Excepcional**

Malia o anterior, unha das medidas normativas elaboradas tras o actual estado de alarma é a Resolución de 23 de abril de 2020, da Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, referente aos equipos de protección individual no contexto da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, onde se permite adquirir material con certificacións alternativas ás derivadas do marcado CE, de maneira excepcional.

Na Resolución aceptanse como equivalente ás normas técnicas europeas diversas normas técnicas internacionais, tal como se indica a continuación:

**Táboa de equivalencias para máscaras FFP2:**

Norma	Clasificación
EN 149:2001 (Europa)	FFP2

NIOSH-42CFR84 (USA)	N95, R95, P95
GB2626-2006 (China)	KN95
AS/NZ 1716:2012 (Australia)	P2
KMOEL – 2017-64 (Korea)	Korea 1st Class
JMHLW – Notification 214, 2018 (Xapón)	DS

**Táboa de equivalencias para máscaras FFP3:**

Norma	Clasificación
EN 149:2001	FFP3
NIOSH-42CFR84 (USA)	N99, R99, P99, N100, R100, P100

A Resolución de 23 de abril de 2020 tamén indica os supostos para a aceptación doutros EPI sen o marcado CE regulamentario baseándose nas normas harmonizadas.

Unha máscara «Surgical N95» sería comparable a unha máscara de uso dual (EPI+PS).

A máscara KN95\_China: fabrícase segundo a norma GB2626, que en principio a aplica o propio fabricante nun proceso de autocertificación baixo a súa propia responsabilidade e a vixilancia do mercado é a que actúa se é o caso. Debido á crise do coronavirus, o goberno chinés deu a orde de que todas as máscaras fosen verificadas en tres aspectos: eficacia de penetración, resistencia á respiración e marcado. En consecuencia, todas as máscaras que hai no mercado chinés deberían ter informes de ensaio con estes tres resultados.

**2.- PANTALLAS FACIAIS**

No deseño e fabricación das pantallas faciais COVID-19 débese garantir, entre outros:

- Calidade óptica doocular
- Protección fronte a salpicaduras (zona protexida e dimensión vertical) segundo o establecido nas normas:
  - UNE-EN 166:2002: Protección individual dos ollos. Especificacións.
  - UNE-EN 167:2002: Protección individual dos ollos. Métodos de ensaio ópticos.
  - UNE-EN 168:2002: Protección individual dos ollos. Métodos de ensaio non ópticos.

Consideramos que, con este obxecto, é importante ter en conta as seguintes cuestións:



- Utilizar un visor fabricado nun material que ofreza adecuadas prestacións ópticas. Como indicación básica pódese verificar, mirando a contraluz o material, que non presenta defectos estruturais como ondulación, franxas horizontais, etc. En concreto, utilizar visores cun factor de difusión de luz que se atope dentro dos requisitos establecidos na norma UNE-EN 166. Os materiais tradicionalmente utilizados na fabricación dos visores das pantallas de protección facial (EPI) son policarbonato e acetato de celulosa, pero non son os únicos. Recoméndase consultar cun especialista para a selección dun material coa calidade óptica necesaria, xa que materiais básicos utilizados en papelería e alimentación non cumplen os requisitos de difusión da luz esixidos. Así por exemplo destes últimos ensaiamos con resultados insatisfactorios: Monopet 450 µ, PVC 200 µ, PVC 180 µ, Acetato (180-240)µ.- O arnés ou diadema de suxeición debe permitir a colocación dunha forma única, e dispoñer de referencias para que o visor poida quedar montado nunha posición fixa e simétrica con respecto ao centro do arnés.- O sistema de suxeición do arnés, en caso de que sexa una banda de suxeición, debe dispoñer polo menos de 10 mm de anchura.

### 3.- BATAS DE PROTECCIÓN

No relativo á roupa, é necesaria a protección do uniforme do traballador da posible salpicadura de fluidos biolóxicos ou secrecóns procedentes do paciente confirmado ou en investigación ao que examina ou trata. Este tipo de roupa, como EPI, debe cumplir coa norma UNE-EN 14126:2004 que contempla ensaios específicos de resistencia á penetración de microorganismos. Este tipo de roupa pode ofrecer distintos niveis de hermeticidade tanto no seu material como no seu deseño, cubrindo parcialmente o corpo como batas, delantais, manguitos, polainas, etc., ou o corpo completo. Na designación, inclúese o Tipo e a letra B (de Biolóxico).

Recoméndase que a roupa de protección biolóxica sexa desbotable xa que presenta a vantaxe de que ao eliminarse evitanse fontes de posible contaxio que puideran aparecer no caso de que a desinfección do equipo non se realizase correctamente.

### 4.- XEL HIDROALCOHÓLICO

As solucións hidroalcohólicas divídense segundo a súa regulamentación en produtos cosméticos e antisépticos (produto sanitario).

A comercialización de antisépticos precisa da autorización de AEMPS e deben ter un número de rexistro sanitario.

Achegamos enlace a listado dos antisepticos de pel sa autorizados (por se queren adquirir algún do listado).

<https://www.aemps.gob.es/cosmeticos-cuidado-personal/docs/listado-antisepticos-piel-sana-12-03-20.pdf?x96285>

Achegamos tamén, enlace a listado de produtos antisépticos autorizados como virucidas que se basea na norma UNE-EN 14476.

[https://www.aemps.gob.es/informa/notasInformativas/cosmeticos-cuidado-personal/biocidas/2020/listado\\_biocidas\\_eficacia\\_viricida.pdf?x57200](https://www.aemps.gob.es/informa/notasInformativas/cosmeticos-cuidado-personal/biocidas/2020/listado_biocidas_eficacia_viricida.pdf?x57200)

Normas que hai que ter en conta nas solucións hidroalcohólicas:

- UNE EN 1500 (antisepsia de mans),
- UNE EN 13727 (acción bactericida),
- UNE EN 1275 (accion funxicida),
- **UNE-EN 14476 (acción virucida)**,
- UNE EN 13624 (acción levaduricida),
- UNE EN 14348 (acción Micobactericida),
- UNE-EN 12791 (desinfección cirúrxica das mans)

**ANEXO XI: PROCEDIMENTO DE ACTUACIÓN PARA A XESTIÓN DA VULNERABILIDADE EN ÁMBITOS NON SANITARIOS NIN SOCIOSANITARIOS**

Grupos vulnerables	Patoloxía controlada				Patoloxía descompensada				Comorbilidad ≥ 2 aspectos			
	NR1	NR2	NR3	NR4	NR1	NR2	NR3	NR4	NR1	NR2	NR3	NR4
Exposición laboral												
Enfermedade cardiovascular/HTA	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Diabetes	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Enfermedade pulmonar crónica	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Enfermedade hepática crónica severa	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Insuficiencia renal crónica	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Inmunodeficiencia	1	3	3	3	1	4	4	4	1	4	4	4
Cancro en tratamiento activo	1	4	4	4	1	4	4	4	1	4	4	4
Obesidade mórbida (IMC>40)	Sen patoloxía engadida				Sen patoloxía engadida controlada				Patoloxía engadida descompensada			
	1	1	2	2	1	3	3	3	1	4	4	4

Embarazo	Sen complicacións nin comorbilidades				Con complicacións o comorbilidades				
		3	3	3	1	4	4	4	

**NR1( Nivel de risco 1):** Semellante ao risco comunitario, traballo sen contacto con persoas sintomáticas.

**NR2( Nivel de risco 2):** Traballo en contacto con persoas sintomáticas, mantendo a distancia de seguridade e sen actuación directa sobre elas.

**NR3( Nivel de risco 3):** Asistencia ou intervención directa sobre persoas sintomáticas, con EPI axeitado e sen manter a distancia de seguridade.

**NR4 (Nivel de risco 4):** Profesionais non sanitarios que deben realizar manobras xeradoras de aerosois, como por exemplo RCP.

1	Non precisa nin adaptación nin cambio de posto, permanecendo na súa actividade profesional
2	Continúa a actividade laboral. Pode realizar tarefas con exposición a persoas sintomáticas con EPI axeitados
3	Pode continuar actividade laboral sen contacto con persoas sintomáticas. Se existe imposibilidade, iniciarase a tramitación para declarar ao/á traballador/a como especialmente sensible ou prestación por risco durante o embarazo - lactación (PREL)
4	Precisa cambio de posto de traballo e, de non ser posible, iniciarase a tramitación para declarar ao/á traballador/a como especialmente sensible ou prestación por risco durante o embarazo-lactancia (PREL)

**SOLICITANTE**

Nome e apelidos:

DNI: Teléfono:

Correo electrónico (obrigatorio):

Endereço a efectos de notificacións :

Código Postal: Localidade:

**DATOS DO CENTRO DE TRABALLO**

Nome do Centro:

Endereço:

Código Postal: Localidade:

Posto de traballo:

SOLICITA a valoración da inspección médica da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, ou no seu caso o servizo de prevención alíeo a efectos da determinación do condición de persoal sensible de conformidade co previsto na resolución pola que se aproba o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid.19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/2022

Para estes efectos comprométese a achegar os informes médicos que obran no seu poder, así como aqueles que lle sexan requiridos.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_

Sinatura:

DIRECTOR/A DO CENTRO

### ANEXO XIII: MODELO DE CERTIFICACIÓN DE CONDICIÓNNS DE SEGURIDADE NO CENTRO EDUCATIVO

O ##### dítase a Resolución das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade, pola que se determina o protocolo de inicio do curso 2021-2022, se determinan as instrucións e se adoptan medidas de prevención e hixiene nos centros de ensino non universitario dependentes da Consellería.

No protocolo establecese o informe que debe elaborar a dirección no que se indiquen as tarefas e condicionantes específicos do posto de traballo, e determinación das medidas de protección existentes para o solicitante.

D./Dna.\_\_\_\_\_ solicitou a súa consideración como persoal sensible.

Polo exposto, D./Dna.\_\_\_\_\_, na súa calidade de Director/a do centro de ensino público

#### INFORMA:

Marcar con X ou tachar o que non proceda

- Que o solicitante presta servizo neste centro educativo en condición de: docente, persoal administrativo, de limpeza, ou outra categoría.
- Que no centro existe dotación de xel hidroalcohólico, e restantes elementos para a hixiene das mans consonte ao protocolo.
- Que existe dispoñibilidade de máscaras diarias para o solicitante.
- Que nas aulas existe unha separación de 1,2 metros ata o lugar ocupado polo alumnado (1,5 en escenarios 3 e 4 de acordo co previsto no Protocolo )
- Que nos espazos comúns (sala de profesores, salas de reunións, etc.) existe unha separación de 1,5 metros entre os postos.
- Que no posto de traballo (persoa administrativo) existe a debida separación de 1,5 metros diante das persoas que acoden ao centro.

E para que conste diante da inspección médica da Xefatura Territorial de \_\_\_\_\_

Asinase o presente informe con data \_\_ /\_\_ /2020 (sinatura e selo)

## ANEXO XIV: PLANOS TIPO DE COLOCACIÓN NAS AULAS



En escenarios 3 e 4 a distancia de 1,2 aumentarase a 1,5 de acordo co previsto neste protocolo.

## **ANEXO XV: CUESTIONARIO DE PREVENCIÓN DOS CENTROS EDUCATIVOS**

Para facilitar unha ferramenta de control rápido e eficaz da implantación das medidas previstas en canto á prevención e protección, tanto de traballadores como de alumnos e visitas ao centro, se adxunta a modo de plan de acción o seguinte cuestionario como guía de implantación e que pode ser anexado ao Plan de adaptación á situación Covid -19 NO CURSO 2021/2022.

		Realizado			
Aspecto a considerar		SI	NON	N P	
<b>Id.</b>   Procedementos sanitarios relativos ao control da enfermidade					
1.1.	¿Informouse aos traballadores de non acudir ao centro de traballo en caso de síntomas da enfermidade e as medidas para tomar se presentan estos síntomas?				
<b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b>					
1.2	¿Informouse aos pais/nais/titores dos alumnos de non envialos ao centro educativo en caso de síntomas da enfermidade e as medidas para tomar se presentan estos síntomas?				
<b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b>					
1.3	¿Estableceuse no centro o procedemento para seguir se algúun traballador ou alumno presenta síntomas da enfermidade no centro educativo?				
<b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b>					
<b>Id.</b>	<b>Medidas Organizativas</b>				

Aspecto a considerar	Realizado		
	SI	NON	N P
<b>2.1</b> ¿Estableceronse quendas ou procedemento de acceso para garantir que non se producen aglomeracións no acceso e mantéñense as distancias de seguridade? En caso necesario, estableceronse entradas e saídas diferenciadas que garantan a distancia entre persoas?			
<b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b>			
<b>2.2</b> ¿Dimensionaronse os espazos de traballo seguindo as indicacións dos procedementos da Consellería de Educación?			
<b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b>			
<b>2.3</b> ¿Asegúrase que tanto os alumnos como os docentes teñan fácil acceso a auga e xabón, así como, papel desbotable para secado e papeleiras no centro educativo? Se é necesario, dispone de dispensadores xabonosos e/ou de solución alcohólica desinfectante ao dispor dos traballadores e dos alumnos?			
<b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b>			
<b>2.4</b> ¿Colocáronse pantallas protectoras de metacrilato ou similar para zonas de atención a público, como na área de administración, etc.? Defínironse adicionalmente os equipos de protección a utilizar?			

Aspecto a considerar	Realizado		
	SI	NON	N P
<b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b>			
2.5	¿Estableceuse, en caso necesario, un fluxo controlado na entrada e saída dos alumnos, evitando o cruzamento duns e outros?		
<b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b>			
2.6	¿Definíronse sentidos de circulación nas zonas de maior confluencia, diferenciando ambos os sentidos mediante cintas de separación e/ou vinilo adhesivo no pavimento?		
<b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b>			
2.8	¿Limitáronse as visitas e contactos con visitas (pais/nais, provedores) ao mínimo posible?		
<b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b>			
2.9	Para as aulas ¿Adecuáronse ás pautas marcadas pola Consellería de Educación?		
<b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b>			
2.1 0	¿Limítanse as reunións presenciais?, En caso de realizarlas, mantense a distancia de seguridade de 1,5 metros, así como as medidas hixiénicas e distanciamento social?		

Aspecto a considerar	Realizado		
	SI	NON	N P
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:			
2.1 1 ¿Habilítanse zonas de recepción de mercadorías que respecten as distancias de seguridade?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:			
2.1 2 ¿Estableceronse normas específicas para o uso de aseos?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:			
2.1 3 ¿Estableceronse normas específicas para o uso de vestiarios?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:			
2.1 4 ¿Estableceronse normas específicas para as salas de reunións?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:			
2.1 5 ¿Estableceronse normas específicas para o comedor segundo o procedemento da Consellería de Educación?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:			

Aspecto a considerar	Realizado		
	SI	NON	N P
2.1    6    ¿Conta con papeleiras ou contedores protexidos con tapa e accionados por pedal?			
<b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b>			
2.1    7    ¿Dispone de bandexas ou similar para o intercambio de papeis na área de administración?			
<b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b>			
2.1    8    ¿Evítase compartir obxectos ou equipos de traballo, en caso necesario, hixienízanse antes de cada uso?			
<b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b>			
2.1    9    ¿Limitouse o uso de ascensores a unha única persoa, salvo forza maior (limitacións de mobilidade)?			
<b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b>			

Aspecto a considerar	Realizado		
	SI	NON	N P
<b>Id.</b>	<b>Formación e información dos traballadores</b>		
3.1	¿O persoal é informado dun xeito fiable e actualizado das recomendacións sanitarias que se deben seguir de xeito individual?		
<p><b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b></p> <p> </p> <p> </p>			
3.2	¿Formouse aos traballadores na prevención do contaxio e as medidas a adoptar, específicas para o lugar de traballo, así como o equipamento de protección a emplegar?		
<p><b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b></p> <p> </p> <p> </p>			
3.3	¿Informouse aos traballadores sobre as medidas preventivas que deben adoptarse cando viajan ao lugar de traballo?		
<p><b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b></p> <p> </p> <p> </p>			
3.4	¿Informouse ao persoal sobre como eliminar o material de uso de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, panos, etc.)?		
<p><b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b></p> <p> </p> <p> </p>			
3.5	¿Valorouse e adquiriuse un stock suficiente de equipos de		

Aspecto a considerar	Realizado		
	SI	NON	N P
protección segundo o marcado pola Consellería?			
<b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b>			
<b>Id.</b> Limpeza e desinfección das instalación			
3.6 ¿Dispuxéronse os produtos de limpeza e proteccións necesarias para poder emprender e manter a actividade e limpeza requirida?			
<b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b>			
3.7 ¿Realízase unha correcta limpeza das instalacións, en relación coa súa periodicidade?			
<b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b>			
3.8 ¿Informouse ao persoal de limpeza sobre os aspectos necesarios para limpar os cuartos, con especial énfase nas superficies, especialmente aquelas que son tocadas con mais frecuencia como as fiestras ou os tiradores das portas, os dispositivos que usan habitualmente o alumnado e persoal, mesas e ordenadores?			
<b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b>			
3.9 ¿Déronsele instrucións aos traballadores para depositar o material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) na fracción de			

Aspecto a considerar	Realizado		
	SI	NON	N P
resto (agrupación de residuos domésticos que se obtén unha vez realizadas as recollidas separadas)?			
<b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b>			
3.1 0 ¿Estableceuse un mecanismo para a eliminación de residuos procedentes dunha persoa que presentou síntomas da enfermidade e os elementos de limpeza empregados neste caso?			
<b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b>			
3.1 1 ¿Estableceronse directrices para reforzar a ventilación periódica nas instalacións, diariamente e adicionalmente con ventilación natural de acordo coas pautas de ventilación do Protocolo para o curso 2021-2022?			
<b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b>			
Id. Sinalización			
3.1 2 ¿Indicáronse as normas hixiénicas básicas que hai que observar (lavar as mans, non tocar a cara, tusir en papel desbotable ou no cóbado, etc.)?			
<b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b>			
3.1 3 ¿Sinalizáronse as normas de acceso relativas aos alumnos,			
<b>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:</b>			

Aspecto a considerar	Realizado		
	SI	NON	N P
3.1 4      ¿Sinalizáronse mediante marcas no chan ou similar as distancias de seguridade a manter durante o acceso ao centro educativo e no resto de zonas necesarias (zona de comedor, biblioteca, etc.), segundo o marcado pola Consellería de Educación?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:			
3.1 5      ¿Sinalizouse, no acceso ao centro de traballo, a prohibición de acceder a calquera persoa que presente síntomas da enfermidade?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:			
3.1 6      ¿Sinalizáronse as normas de uso en zonas comúns (salas de reunións, vestiarios, comedor, etc.)?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:			


## ANEXO XVI: CARTELARÍA

No Portal da Dirección disporase doutra cartelaría adicional

# Coronavirus

Consellos para realizar unha hixiene de mans adecuada

Fonte: Organización Mundial da Saude




XUNTA  
DE GALICIA


Máis información en  
[coronavirus.sergas.gal](http://coronavirus.sergas.gal)

# SAIAMOS DISTO CON **SENTIDIÑO**

NON TIREMOS POLA BORDA O TRABALLO FEITO ATA AGORA



Antes de poñer unha máscara, debes lavar as mans adecuadamente. Cubre a boca e o nariz, e asegúrate de que non hai ocos entre a máscara e a cara.



Evita tocalá mentres a uses, e non a poñas na fronte ou debaixo da barbilla.

Para retirar a máscara, quíteala pola parte traseira sen tocar o frontal e lava as mans novamente con auga e xabón.

**Non reutilices máscaras dun só uso. As máscaras só son efectivas cando se usan en combinación cunha hixiene de mans adecuada.**

**#SENTIDIÑO**  
PROTEXÁMONOS A NÓS MESMOS  
E AOS QUE NOS RODEAN

XUNTA  
DE GALICIA  
coronavirus.sergas.gal  
900 400 116

